

IES REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI

DEPARTAMENTO

DE

LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMCE

CURSO 2022-2023

MEMBROS DO DEPARTAMENTO:

- **Lorena Pérez Torrón:** 4 grupos 2º Bach: **12 horas**, 1 grupo 1ºESO Bach: **4 horas**,
X. Departamento Normalización: **3 horas**. **Total: 16+3 horas**

- **Esther Quinteiro Otero:** 3 grupos 2º ESO: **9 horas**, 1 grupo de 3º ESO: **3 horas**, 2
grupos 4º ESO: 6 horas, **1 hora** de tutoría en 4º ESO. **Total : 19 horas**

- **Laura Pereira Domínguez:** 2 grupos 1º ESO: **8 horas**. **Total: 8 horas.**

- **Eliseo Martínez González:** 4 grupos 1º Bach: **12 horas**, 2 grupos 3º ESO: **6 horas**
horas, Xefatura de departamento: **3 horas**. **Total: 18+3 horas.**

NOTA: Adxúntanse tamén as programacións de 1º ESO, 3º ESO e 1º BACHARELATO da anterior programación LOMCE por estar definidos os criterios de recuperación das materias pendentes. Posteriormente o departamento enviará a nova programación LOMLOE para estes tres niveis.

ÍNDICE:

Pax.

A) Obxectivos xerais para a Lingua Galega e Literatura.....	3-4
B) Introducción e contextualización.....	4-7

ESO**C)1º ESO:**

1) Obxectivos xerais da área de Lingua Galega e Literatura en 1º ESO.....	8-9
2) Secuenciación por unidades.....	10-69
3) Recursos didácticos.....	.69
4) Ferramentas de avaliación.....	.69
5) Libros de lectura.....	70
6) Medidas para a inclusión e a atención á diversidade.....	.70
7) Temporalización.....	.70
8) Anexos	

D) 2º ESO:

1) Obxectivos xerais da área de Lingua Galega e Literatura en 2º ESO.....	75-76
2) Secuenciación por unidades.....	77-253
3) Recursos didácticos.....	254
4) Ferramentas de avaliación.....	254
5) Libros de lectura.....	255
6) Medidas para a inclusión e a atención á diversidade.....	256
7) Temporalización.....	257
8) Alumnado coa materia pendente do curso anterior.....	257
9) Anexos.....	258-262

E)3º ESO:

1) Obxectivos xerais da área de Lingua Galega e Literatura en 3º ESO.....	263-264
2) Secuenciación por unidades.....	265-347
3) Recursos didácticos.....	347
4) Ferramentas de avaliación.....	348
5) Libros de lectura.....	348-349
6) Medidas para a inclusión e a atención á diversidade.....	349-350
7) Temporalización.....	350
8) Alumnado coa materia pendente do curso anterior.....	351
9) Anexos.....	351-354

F) 4º ESO:

1) Obxectivos xerais da área de Lingua Galega e Literatura en 4º ESO.....	355-356
2) Secuenciación por unidades.....	357-456
3) Recursos didácticos.....	457
4) Ferramentas de avaliación.....	457-458
5) Libros de lectura.....	458
6) Medidas para a inclusión e a atención á diversidade.....	458
7) Temporalización.....	459
8) Alumnado coa materia pendente do curso anterior.....	459
9) Anexos.....	460-466

BACHARELATO

G) OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA EN BACHARELATO.....	467-468
---	----------------

H)1º BACHARELATO:

1) Secuenciación por unidades.....	468-542
2) Recursos didácticos.....	543
3) Ferramentas de avaliación.....	543-544
4) Libros de lectura.....	544-545
5) Medidas para a inclusión e a atención á diversidade.....	545
6) Temporalización.....	546
7) Anexos.....	547-550

I) 2º BACHARELATO:

1) Secuenciación por unidades.....	551-623
2) Recursos didácticos.....	623
3) Ferramentas de avaliación.....	624
4) Libros de lectura.....	624
5) Medidas para a inclusión e a atención á diversidade.....	624-625
6) Temporalización.....	625
7) Alumnado coa materia pendente do curso anterior.....	625
8) Anexos.....	626-627

L) ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	628
---	------------

M) CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	628
---	------------

N) ANEXO DE MEDIAS DEBIDAS Á COVID-19.....	629
---	------------

A) OBXECTIVOS XERAIS PARA A LINGUA GALEGA E LITERATURA

A **LOMCE**, segundo o Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece os seguintes obxectivos xerais para a Lingua Galega e Literatura:

«A materia Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe».

»A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o alumnado percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións e cando analiza as súas propias producións e as dos que o rodean para comprendelas, avalialas e, no seu caso, corrixilas. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfrónaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

»Os elementos de Lingua Galega e Literatura supoñen unha progresión respecto aos saberes e habilidades adquiridos desde o inicio da vida escolar. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua artículase ao redor dun eixe que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares. A materia céntrase na aprendizaxe das destrezas discursivas que poden darse en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos acerca do funcionamento da linguaxe en todas as súas dimensións, tanto relativos aos elementos formais como ás normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

»A lectura de textos diversos e a súa comprensión contribúe á adquisición de destrezas comunicativas».

A lei establece a adquisición das destrezas básicas que debe manexar o alumnado para ampliar a súa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita e a súa educación literaria a través de catro bloques de contidos cuxos obxectivos específicos resumimos aquí:

Comunicación oral: escoitar e falar

- Adquirir habilidades para comunicar con precisión as ideas propias.
- Realizar discursos elaborados e adecuados á situación comunicativa.
- Escoitar os demais e interpretar correctamente as súas ideas.

Comunicación escrita: ler e escribir

- Aplicar estratexias de lectura para achegarse a textos con diferentes graos de complexidade.
- Entender textos de diversos xéneros.
- Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos.
- Desenvolver o pensamento crítico e creativo.
- Seguir un método estruturado no traballo escrito: planificación, creación de borradores, revisión e redacción.

- Escribir textos coherentes e adecuados.

Coñecemento da lingua

- Utilizar os mecanismos lingüísticos como base para un uso correcto da lingua.
- Interiorizar e usar adecuadamente as regras ortográficas e gramaticais.
- Reflexionar sobre as palabras, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración.
- Recoñecer as relacións gramaticais entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto.
- Afondar nas relacións textuais que fundamentan o discurso.
- Reflexionar sobre as variedades lingüísticas da lingua.

Educación literaria

- Formarse como lectores cultos e competentes.
- Ler, comprender e interpretar os textos literarios máis representativos da literatura galega.
- Achegarse aos xéneros literarios.
- Establecer as relacións entre o contexto sociocultural e a obra literaria.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras da literatura galega e universal.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras en xeral e de obras da literatura galega e universal de todos os tempos.

Por último, a lei conclúe que a materia Lingua galega e Literatura, «persegue o obxectivo último de crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de formar as súas propias opinións a través da lectura crítica das obras literarias máis importantes de todos os tempos».

B) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Educación Secundaria Obrigatoria está deseñada para acoller os alumnos e alumnas de 12 a 16 anos sen excepción, o que ten como principal consecuencia a imprescindible atención á diversidade, único xeito de dar resposta á pluralidade de necesidades, aptitudes e intereses deste alumnado.

Ademais, nela coexisten a dimensión propedéutica e a terminal. Debe atender á formación integral do alumnado, porque, ao rematar, haberá unha parte que finalice os seus estudos. E ten que atender á formación específica que se precisará para cursar a Educación Secundaria Postobrigatoria.

A finalidade deste Deseño Curricular é a mellora da competencia comunicativa do alumnado, concretada no desenvolvemento das catro capacidades básicas que a configuran: comprender/falar; ler/escribir; por iso se reitera a idea de que o traballo debe orientarse a afianzar e desenvolver as capacidades comprensivas e expresivas e non só ao coñecemento, case

sempre efémero, dos aspectos formais da lingua, pois estes deben servir para a mellora da competencia comunicativa do alumnado.

Non podemos deixar de sinalar, aínda que xa se saiba, que estas ideas son válidas para o ensino e aprendizaxe de calquera lingua pero máis para unha como a galega, por mor dos problemas sociolingüísticos aos que se ten que enfrontar, a causa dos cales, en moitos casos, o noso alumnado está lonxe de posuír a competencia necesaria para desenvolverse con normalidade en situacións cotiás, como poden ser unha conversa espontánea ou a redacción dun texto determinado. Esta anormal situación sociolingüística leva a que non poidamos esquecer o papel relevante que podemos -e debemos- xogar nas nosas clases, tanto na mellora das destrezas lingüísticas como na superación de prexuízos e actitudes negativas e na normalización social da lingua.

Se o ensino da lingua e da literatura debe favorecer a aprendizaxe das habilidades comunicativas, é obvio que non chega coa aprendizaxe duns saberes lingüísticos que por si sos non garanten a mellora das súas capacidades expresivas e comprensivas. Se queremos que os alumnos e as alumnas saiban comunicarse e expresarse, a educación lingüística e literaria debe axudalos a mellorar a súa competencia comunicativa nas diversas situacións. Isto é aínda máis necesario no noso centro, xa que recibe case todo o alumnado do ámbito urbano, polo que ten escasas oportunidades de desenvolver a súa competencia fóra das aulas ao non atopar un contexto cotián no que o uso do galego sexa habitual. De aí a importancia do ámbito escolar como espazo privilexiado para un uso normalizado da lingua.

Eis o noso labor: o traballo debe orientarse ao dominio dos mecanismos verbais e non verbais de comunicación e representación que constitúen a base de toda interacción comunicativa e, xa que logo, de calquera aprendizaxe escolar e social. A educación lingüística e literaria debe facer posíbel o maior grao de competencia comunicativa do alumnado no uso da lingua e contribuír ao dominio das destrezas lingüísticas básicas (comprender, falar, ler, escribir) na vida das persoas, sen esquecer que os problemas sociolingüísticos que ten hoxe o galego condicionan o deseño e a realización das actividades na aula.

O uso que o alumnado fai da lingua fóra das aulas, a consideración social do idioma, as normas non escritas que configuran o seu uso nos diferentes ámbitos, a presenza escasa e subordinada do galego nos medios de comunicación... son algúns dos factores que fan ilusoria a pretensión dunha práctica docente igual á que se podería dar se a lingua estivese socialmente normalizada. A clase non é un mundo illado, e o alumnado percibe con claridade unha situación así. Isto inflúe, queirámolo ou non, no traballo da aula, polo que é mester telo en conta á hora de definir calquera proposta curricular.

Isto non quere dicir que as clases de Lingua Galega e Literatura deban xirar ao redor da reflexión sobre os problemas sociais da lingua ou do traballo dirixido a un necesario fomento de

actitudes positivas. Estes son imprescindíbeis, pero a finalidade principal ten que ser, como xa dixemos, o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. E precisamente porque ese é o obxectivo principal, os problemas sociais da lingua teñen que estar presentes, como pano de fondo, en todas as actividades que desenvolvamos.

Un dos fenómenos máis relevantes desa anómala situación é o feito de que persoas que na súa vida persoal se expresan preferentemente en galego, en certos contextos e ámbitos sociais agáchano e exprésanse en castelán. Pódese así falar dunha invisibilidade social do galego, que se explica porque os comportamentos lingüísticos aparecen condicionados polos prexuízos sociais, prexuízos diglósicos que funcionan como leis non escritas interiorizadas polo conxunto da poboación. Esta invisibilidade vese reforzada por unha ampla gama de factores. O caso dos medios de comunicación de masas, sobre todo os escritos, quizais sexa o máis evidente, pois neles este proceso de ocultamento da lingua é clamoroso, ao reproducir en castelán case toda a vida social que se fai en galego. Como consecuencia, o galego ten unha presenza social moito menor da que lle correspondería, e o seu uso parece estar proscrito en certos ámbitos e funcións. Podemos dicir que, en certo sentido, é unha lingua oculta. Esta ocultación social (é dicir, a súa situación minorizada: sendo maioritaria, parece que non o é) é un fenómeno que, con maior ou menor intensidade, se estende por toda Galicia, acadando dimensións preocupantes nalgúns ámbitos urbanos, como é o noso.

Os principais atrancos para o uso normalizado do galego nos distintos ámbitos sociais teñen a súa orixe na existencia de prexuízos e actitudes negativas cara á lingua (o cambiar de lingua cando o interlocutor fale en castelán; o comportamento lingüístico cos nenos e adolescentes, utilizando decote o castelán, mesmo se son galego-falantes; a asociación do galego co atraso, pobreza ou ruralismo; a crenza de que a súa utilización é un síntoma de localismo, etc.). Neste sentido, cabe afirmar que o problema da invisibilidade social do galego só desaparecerá cando estes prexuízos deixen de ter a extensión social que teñen hoxe. É evidente que as nosas clases poden -e deben- xogar un papel determinante nesta muda das actitudes nas novas xeracións, que de feito xa teñen menos prexuízos e actitudes negativas, posibelmente debido ao aumento do prestixio social da lingua e á súa presenza no ámbito académico. É máis, nunha boa porcentaxe da mocidade -sexa ou non galego-falante- hai unha significativa presenza de actitudes positivas cara á lingua galega e a súa normalización social.

O noso instituto é un centro urbano situado no barrio de Teis en Vigo. Aínda que temos algún alumnado procedente de centros concertados, a meirande parte del procede do centro adscrito CEIP Frián Teis. As familias están integradas pois, na súa maioría por pais e nais asalariados e pequenos comerciantes, especialmente golpeados polos tempos difíciles que vivimos na actualidade. A pesar deste contexto, convén evidenciar algo que nos preocupa especialmente: a reticencia do noso alumnado ao uso oral da nosa lingua, de forma que mesmo nas aulas debemos estar constantemente recordando que deben falar galego porque iso ademais redundará

positivamente na nota académica. Dito isto queremos reseñar como obxectivo xeral, constante e medular, o noso especial empeño e conseguir que o alumnado fale a nosa lingua e todos os contextos posíbeis; que recoñeza a súa utilidade e faga aflorar o seu aprezo por ela, que nos consta existe.

Que comprendan que non é unha lingua semimorta ou unicamente académica. Este será pois o primeiro obxectivo e o contido máis importante ao longo de todo o curso e desde logo para todos os niveis deste proxecto didáctico.

ESO

C)1º ESO

PROFESORAS RESPONSABLES: Lorena Perez / Laura Pereira

1. OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA 1º DA ESO

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.

29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas produces

2. SECUENCIACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños
4. Estratexias metodolóxicas

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Entender o concepto de *plurilingüismo* e coñecer algunhas linguas do mundo.
- Ampliar o vocabulario relacionado co cuarto e manexar o dicionario.
- Coñecer a morfoloxía das palabras e como se clasifican segundo a súa estrutura.
- Coñecer e utilizar correctamente o alfabeto galego.
- Recoñecer un texto literario e identificar o xénero ao que pertence.
- Crear unha carta a partir duns modelos.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución: **Excelente** (Conségueo brillantemente) **Alto** (Conségueo) **Baixo** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue)

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - As linguas do mundo. - Vocabulario relacionado coas ferramentas de cultivo - Os dicionarios. - Morfoloxía das palabras e clases de palabras segundo a súa estrutura. - O alfabeto. - Os textos literarios. - Os textos segundo o seu ámbito de uso. Os textos persoais. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CSC, CAA
	2. Valorar a riqueza das linguas.	2.1. Valora a riqueza das linguas.	CCL, CCEC, CSC
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado co cuarto e entender a importancia de usar o dicionario.	3.1. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.	CCL
	4. Entender a estrutura da palabra e recoñecer as distintas clases.	4.1. Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas.	CCL
		4.2. Recoñece as distintas clases de palabras.	
	5. Coñecer o alfabeto.	5.1. Coñece o alfabeto galego e identifica os dígrafos.	CCL
	6. Distinguir entre textos literarios e non literarios e identificar os xéneros.	6.1. Diferencia textos literarios e textos non literarios.	CCL, CCEC
6.2. Recoñece as peculiaridades dun texto literario dado e identifica o xénero ao que pertence.			
7. Diferenciar textos segundo o seu ámbito de uso.	7.1. Distingue diversos tipos de textos, segundo a situación en que se usen.	CCL, CSIEE, CAA	

		7.2. Escribe textos de carácter persoal.	
--	--	---	--

3. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas postas en común das opinións de cadaquén.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Mostra interese por coñecer as linguas que se falan no mundo e a súa situación.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás.	Escribe unha carta.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para profundar e ampliar coñecementos e para resolver actividades.

	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Manexa con fluidez soportes dixitais: CD, memoria portátil, correo electrónico, Internet
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Valora as linguas como manifestación da riqueza e da identidade dos pobos e mostra interese por coñecelas.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese e respecta as opinións dos demais.
	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Rexeita actitudes discriminatorias cara ás linguas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: táboas e resumos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e escribe unha carta de acordo cunhas pautas ou uns modelos dados.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Repaso xeral dos contidos máis importantes estudados en Primaria.
- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Creación dun ambiente distendido que lles permita aos alumnos e alumnas expresarse oralmente sen inhibicións e ir coñecéndose.

- Audición individual e logo colectiva, en gran grupo, do texto que abre a unidade e mais da lectura inicial, co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar o dicionario; facer clasificacións e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, etc.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades ou ampliar ou complementar a información do libro.
- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou grupal.

UNIDADE 2

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños
4. Estratexias metodolóxicas

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Entender a diferenza entre lingua oficial e lingua non-oficial.
- Coñecer algunhas das linguas que se falan en Europa.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa familia.
- Comprender que é un campo semántico.
- Recoñecer semántica e formalmente os substantivos e clasificalos.
- Coñecer as normas de formación do plural.
- Clasificar as palabras polo número de sílabas.
- Distinguir sílabas tónicas e átonas e identificar ditongos e hiatos.
- Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo: narrador e personaxes.
- Escribir o comezo dunha narración.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución: **Excelente** (Conségueo brillantemente) **Alto** (Conségueo) **Baixo** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue)

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - As linguas de Europa. - Vocabulario relacionado coa familia. - O campo semántico. - Clasificación dos substantivos. - Regras de formación do plural. - Clasificación de palabras segundo o seu número de sílabas e segundo a posición da sílaba tónica. - Ditongos e hiatos. - Os elementos da narración: narrador e personaxes. - Creación literaria: o comezo dun texto narrativo. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CCEC, CSC, CAA
	2. Coñecer algunhas das linguas que se falan en Europa.	2.1. Identifica algunhas linguas de Europa e a súa situación.	CCL, CCEC, CSC
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa familia e clasificar palabras en campos semánticos.	3.1. Amplía o vocabulario básico relacionado coa familia.	CCL
		3.2. Comprende que é un campo semántico.	
	4. Clasificar substantivos e aplicar as regras de formación do plural.	4.1. Identifica os substantivos comúns e propios, concretos e abstractos, individuais e colectivos.	CCL
		4.2. Forma o plural de substantivos dados.	
	5. Clasificar palabras polo número de sílabas e pola posición da sílaba tónica, e diferenciar entre ditongos e hiatos.	5.1. Clasifica as palabras polo número de sílabas.	CCL
		5.2. Distingue sílabas tónicas e átonas.	
		5.3. Identifica e analiza ditongos e hiatos.	

	6. Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo: narrador e personaxes.	6.1. Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: narrador e personaxes.	CCL, CCEC
	7. Escribir o comezo dunha narración.	7.1. Escribe o comezo dun texto narrativo seguindo unhas pautas dadas.	CCL, CSIEE, CAA

3. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Escribe o comezo dun texto narrativo.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Mostra interese por coñecer as linguas que se falan Europa e a súa situación.

	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet, testemuño oral de persoas maiores...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, Internet, testemuño oral de persoas maiores...) para resolver as actividades.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade e mais o da lectura.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Valora as linguas como manifestación da riqueza e da identidade dos pobos e mostra interese por coñecelas.
	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Mostra interese por coñecer as culturas doutros pobos.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Sabe escribir o comezo dun relato, de tal maneira que capte o interese do lector.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese e respecta as opinións dos demais.
	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Rexeita actitudes discriminatorias por razóns de xénero.
	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É consciente da situación precaria dalgunhas persoas e pobos e mostra preocupación.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.

	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e escribe o comezo dunha narración de acordo cunhas pautas ou uns modelos dados.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Creación dun ambiente distendido que lles permita aos alumnos e alumnas expresarse oralmente sen inhibicións.
- Audición individual e logo colectiva, en gran grupo, do texto que abre a unidade e mais da lectura inicial, co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; facer clasificacións, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; utilizar o dicionario; manexar algunha gramática que lles poida axudar a solucionar dúbidas (por exemplo, *Gramática da lingua galega. Síntese práctica*, de Xosé Feixó Cid, en Edicións Xerais), etc.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades ou ampliar ou complementar a información do libro.
- Metodoloxía activa e participativa, de maneira que facilite a aprendizaxe, individual e colectiva, e favoreza a adquisición das competencias básicas (en concreto, da lingüística).
- Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe, así como do interese pola literatura e pola cultura do seu pobo.
- Fomento da lectura a través de diferentes propostas e recursos que poidan motivar o interese do alumnado por determinados temas.

UNIDADE 3

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños
4. Estratexias metodolóxicas

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Identificar as linguas da península Ibérica e a súa situación.
- Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa aula.
- Lembrar e practicar a relación semántica de sinonimia.
- Identificar o xénero dos substantivos e formar o feminino a partir de nomes dados.
- Coñecer e aplicar as regras básicas de acentuación.
- Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo: espazo e tempo.
- Coñecer os xornais e analizar unha noticia.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución: **Excelente** (Conségueo brillantemente) **Alto**(Conségueo) **Baixo** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - As linguas de España. - Vocabulario relacionado coa aula. - Os sinónimos. - Xénero dos substantivos. - Regras de formación do feminino. - Regras xerais de acentuación. - Os elementos da narración: espazo e tempo. - Traballo con textos: a prensa. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CSC, CAA
	2. Identificar as linguas da península Ibérica e coñecer a lusofonía.	2.1. <u>Identifica as linguas da península Ibérica e coñece a lusofonía.</u>	CMCT, CCL, CCEC, CSC
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa aula e lembrar os sinónimos.	3.1. <u>Amplía o vocabulario básico relacionado coa aula.</u>	CCL
		3.2. Lembra e practica a relación de sinonimia.	
	4. Identificar o xénero dos substantivos e formar o feminino a partir de nomes dados.	4.1. <u>Indica o xénero dalgúns substantivos.</u>	CCL
		4.2. <u>Coñece as regras de formación do feminino dos substantivos.</u>	
5. Coñecer e aplicar as regras xerais de acentuación.	5.1. <u>Aplica correctamente na práctica as regras xerais de acentuación.</u>	CCL	
6. Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo: espazo e tempo.	6.1. Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: espazo e tempo.	CCL, CCEC	

	7. Coñecer os xornais e analizar unha noticia.	7.1. Identifica as partes dun xornal e analiza unha noticia.	CCL, CAA
--	--	---	-------------

3. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Mostra interese por coñecer as linguas que se falan España e a súa situación.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, Internet...) para resolver as actividades.
	Comprender as mensaxes que	Coñece a prensa escrita e

	veñen dos medios de comunicación.	sabe analizar unha noticia.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade e mais o da lectura.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	Valora as linguas como manifestación da riqueza e da identidade dos pobos e mostra interese por coñecelas.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Capta e valora a beleza dos textos literarios.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.	Coñece o status legal das linguas que se falan en España.
	Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.	Respecta os compañeiros e compañeiras, e as normas de convivencia na escola.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con interese e respecta as opinións dos demais.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Rexeita actitudes discriminatorias cara ás linguas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.

<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: esquemas, táboas e resumos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Creación dun ambiente distendido que lles permita aos alumnos e alumnas expresarse oralmente sen inhibicións.
- Audición individual e logo colectiva, en gran grupo, do texto que abre a unidade e mais da lectura inicial, co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; facer clasificacións, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; utilizar o dicionario; redactar textos propios de maneira ordenada, etc.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades ou ampliar ou complementar a información do libro.
- Metodoloxía activa e participativa, de maneira que facilite a aprendizaxe, individual e colectiva, e favoreza a adquisición das competencias básicas (en concreto, da lingüística).
- Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Fomento da lectura a través de diferentes propostas e recursos que poidan motivar o interese do alumnado por determinados temas.
- Desenvolvemento do pensamento crítico para interpretar a información que achegan os medios de comunicación.

UNIDADE 4

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños
4. Estratexias metodolóxica

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comentar textos seguindo unhas pautas dadas.
- Coñecer a lexislación sobre o galego.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa rúa.
- Lembrar o concepto de *polisemia* e identificar os distintos significados das palabras polisémicas.
- Recoñecer os adxectivos cualificativos e os seus graos.
- Coñecer e aplicar regras especiais de acentuación.
- Recoñecer a estrutura dun texto narrativo.
- Cambiar historias de acordo cunhas pautas dadas.

2.- CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIA CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución: **Excelente** (Conségueo brillantemente) **Alto**(Conségueo) **Baixo** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - O galego: lingua propia de Galicia. - Vocabulario relacionado coa rúa. - Palabras polisémicas. - O adxectivo cualificativo: xénero, número e graos. - Regras especiais de acentuación. - A estrutura dos textos narrativos. - Creación literaria: recreación de contos. 	1. Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.	CCL, CD, CSC, CAA
	2. Coñecer a lexislación sobre o galego.	2.1. Coñece a lexislación sobre o galego.	CCL, CCEC, CSC
	3. Ampliar o vocabulario básico relacionado coa rúa e lembrar as palabras polisémicas.	3.1. <u>Amplía o vocabulario básico relacionado coa rúa.</u>	CCL
		3.2. Analiza os significados de palabras polisémicas.	
	4. Recoñecer os adxectivos cualificativos e os seus graos.	4.1. <u>Recoñece os adxectivos cualificativos e forma o feminino e o plural de adxectivos dados.</u>	CCL
		4.2. <u>Realiza comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas.</u>	
	5. Coñecer e aplicar regras especiais de acentuación.	5.1. <u>Coñece e aplica correctamente regras específicas de acentuación.</u>	CCL
6. Recoñecer a estrutura dun texto narrativo.	6.1. Identifica a estrutura dun texto narrativo.	CCL, CCEC	

	7. Cambiar historias de acordo cunhas pautas dadas.	7.1. Introduce un cambio de xiro nun conto dado e cambia o final.	CCL, CCEC, CAA
--	---	--	----------------------

3.- COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Participa en postas en común e expón a súa opinión sobre os temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Escolle un léxico apropiado e variado nas súas producións orais e escritas. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nas intervencións orais que se fan na clase.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Entende a situación actual do galego actual a partir da súa evolución histórica.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en diferentes fontes (diccionario, Internet...) para resolver as actividades.
	Aplicar criterios éticos no uso	Reflexiona sobre a

	das tecnoloxías.	rendibilidade dalgúns dispositivos electrónicos, e tamén sobre a piratería dixital.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto que introduce a unidade e mais o da lectura.
- Fincapé nos hábitos de traballo: facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; sintetizar a información en fichas que sirvan para repasar; planificar as tarefas e preparar os recursos necesarios para abordalas; utilizar o dicionario e outros manuais de consulta; etc.
- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Fincapé na interdisciplinabilidade a partir da posibilidade de combinar a literatura con outras formas de expresión (música, imaxes...).
- Potenciar a creatividade do alumnado mediante a composición de acrósticos.
- Fomentar a capacidade investigadora do alumnado a través da proposta dun traballo de investigación sobre os videoxogos máis exitosos.
- Fomentar a actitude crítica fronte ás inxustizas laborais entre Occidente e o chamado «Terceiro Mundo» e tamén no referido aos valores que potencian a maior parte dos videoxogos actuais.
- Traballos en grupo e das habilidades de cooperación e respecto.
- Proposta de lectura trimestral, escollendo entre os títulos que recolle o plan lector.
- Potenciación da autoavaliación co obxectivo de recoñecer as potencias de cada un e de reforzar aqueles aspectos que sexa preciso traballar máis.

3. RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto

O caderno do alumno

Libros de lectura

Dicionarios e outros recursos de consulta

Correo electrónico

Páxinas web con recursos para traballar en galego

Material audiovisual e Internet

Aula Virtual

4. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

En cada avaliación realizaranse proba/s escrita/s da materia, que suporá/n o **50%** da nota da avaliación; a expresión oral valorarase a través dunha proba (oral) que suporá o **25%**; a produción de textos de diferentes xéneros, así como actividades diversas, exposicións ou traballos de investigación contarán un **15%**; o **10%** restante obterase dunha proba de lectura obrigatoria por trimestre (comprensión e expresión). **Mínimos esixibles:** estas porcentaxes aplicaranse sempre que o alumnado obteña en cada un dos apartados un mínimo de cualificación de **3 sobre 10**.

Os instrumentos utilizados serán probas orais, probas escritas e rúbricas/escalas de valoración.

Á cualificación resultante sumaráselle a puntuación obtida pola lectura voluntaria de libros. Por cada unha das probas de lectura voluntaria, acordada previamente co profesor, outorgarase ata **0,50 puntos** que se sumarán á nota final de avaliación, ata un máximo dun punto, sempre que a avaliación estea aprobada.

Os **erros** de ortografía, morfoloxía e léxico, xunto cos tiles diacríticos, descontarán 0,1. Os erros de acentuación descontarán 0,1 cada tres faltas. Unha presentación incorrecta tamén rebaixará ata 0,5 puntos. Estes criterios só poderán reducir un máximo de 2 puntos sobre a nota final da proba.

Non se realizarán exames de recuperación específicos da materia ao longo do curso. O bloque do funcionamento da lingua (gramática, ortografía e léxico) poderá ser novamente avaliado

ao longo do curso nas correspondentes probas escritas, xa que se adopta o criterio de **avaliación continua**, que implica unha continua revisión destes aspectos nesas probas.

Ao tratarse dunha **avaliación continua**, a cualificación final do curso corresponderase coa media dos resultados obtidos en cada avaliación, cunha distribución crecente do seu peso ao longo de todo o curso: **25%** na Primeira Avaliación, **35%** na Segunda Avaliación e **40%** na Terceira Avaliación. Para conseguir unha avaliación positiva final, deberase obter unha media de 5 entre todos os trimestres.

Na **avaliación extraordinaria**, terase en conta exclusivamente a proba realizada nestas datas.

5. LIBROS DE LECTURA

Lecturas obrigatorias

En cada trimestre, será obrigatoria a lectura dun libro, sen prexuízo de que a alumna ou o alumno poidan tamén ler outros libros con carácter voluntario que se terán en conta na cualificación final de cada avaliación. Os libros de lectura en 2º de ESO serán os seguintes, se ben poden ser modificados segundo avance o curso académico:

1º Trimestre: *Corredores de sombras*, Fernández Paz, Agustín.

2º Trimestre: *Fóra do normal*, María Reimóndez.

3º Trimestre: *O corazón de Xúpiter*, Leticia Costas.

Lecturas voluntarias

Os libros de lectura voluntaria serán seleccionados desta listaxe, aínda que tamén poden achegarse máis obras ao longo do curso ou mesmo ter en conta outras lecturas a petición do alumnado, sempre que sexa baixo a supervisión do/a profesor/a:

- ✓ Aleixandre, Marilar: A expedición do Pacífico.
- ✓ Alonso, Fran: Cartas de amor.
- ✓ Casalderrey, Fina: Asústate, Merche!
- ✓ Caride, Ramón: Perigo vexetal.
- ✓ Costas, Leticia.: A balada dos unicornios.
- ✓ Costas, Leticia: Unha estrela no vento.
- ✓ De Toro, Suso: A sombra cazadora.
- ✓ Solar, María: As meigas de Lupa.
- ✓ Gallego, Elena: Dragal I, A herdanza do dragón.
- ✓ Fernández Paz, Agustín.: As flores radioactivas.

- ✓ Fernández Paz, Agustín: O laboratorio do doutor Nogueira.
- ✓ Fernández Paz, Agustín: Rapazas.
- ✓ Fernández Paz, Agustín: Noite de voraces sombras.
- ✓ P. Docampo, Xabier: O misterio das badaladas.
- ✓ Negro, Carlos: Makinaria.
- ✓ **Sierra i Fabra, Jordi: Do outro lado do espello.**

6.MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. *(Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).*
- Saber as medidas organizativas a adoptar. *(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).*

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

7. TEMPORALIZACIÓN

1ª avaliación: Unidades 1, 2, 3, 4

2ª avaliación: Unidades 5, 6, 7, 8

3ª avaliación: Unidades 9, 10, 11, 12

8. ALUMNADO COA MATERIA DO CURSO ANTERIOR PENDENTE

PARA 2º, 3º E 4º DE ESO

Aos alumnos da **ESO** que aproben a primeira avaliación do curso presente e teñan entregadas as tarefas encomendadas, daráselle por aprobada a materia pendente. De non ser así, deberán continuar entregando os traballos establecidos de recuperación.

No caso de que o alumnado non consiga acadar o aprobado, deberá realizar unha proba escrita no mes de **maio**.

En setembro poderán recuperar a materia realizando o mesmo exame que o alumnado do curso correspondente, achegando as tarefas designadas para realizar durante o periodo vacacional do verán.

9.ANEXOS

A. RÚBRICA DE EXPOSICIÓN ORAL

		PUN TOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
COMUNICACIÓN ORAL	1		Saúda ao comezar, preséntase e nomea o tema a tratar.	Preséntase e nomea o tema a tratar.	Saúda ao comezar e nomea o tema a tratar.	Saúda ao comezar e/ou preséntase.
	2	OBXECTIVO	A postura corporal é adecuada, mira ao auditorio, e non distrae con palabras, movementos ou xestos.	A postura corporal é adecuada, e non distrae con palabras, movementos ou xestos.	A postura corporal é adecuada, e mira ao auditorio.	A postura corporal non é adecuada, pero mira ao auditorio, e/ou non distrae con palabras, movementos ou xestos.
	3		Vocaliza, usa o volume e o ton de forma correcta, e evita clixés.	Vocaliza, e usa o volume e o ton de forma correcta.	Usa o volume e o ton de forma correcta, e evita clixés.	Usa o volume e o ton de forma correcta, ou evita clixés.
	4		Realiza unha introdución esquemática, a orde da exposición é lóxica, e líganse as distintas partes, facéndoo saber.	Realiza unha introdución esquemática, e a orde da exposición é lóxica.	A orde da exposición é lóxica, e líganse as distintas partes, facéndoo saber.	Realiza unha introdución esquemática, ou a orde da exposición é lóxica.
	5		Cítanse conclusións, invítase a realizar preguntas, e despídese, desexando ter sido claro.	Cítanse conclusións e invítase a realizar preguntas.	Cítanse conclusións ou invítase a realizar preguntas.	Despídese.
	6		Emprega o tempo concedido, sen excederse nin se quedar curto.	Emprega polo menos as 3/4 partes do tempo concedido.	Emprega máis de 5/4 partes do tempo concedido.	Emprega menos da metade do tempo, ou excédese en máis de 3/2 partes del.
CONTIDO	7		A información que transmite é correcta e centrada no tema.	A información que transmite é do tema, pero ten algunhas incorreccións.	A información que transmite é correcta, pero doutro tema.	A información que transmite é doutro tema e ademais é errónea.
	8		A información foi traballada e elaborada, mostrando un proceso de reflexión e de comprensión.	A información foi traballada, pero con pouco traballo de reflexión e/ou de comprensión.	Parte da información transmítese desde unha fonte sen comprobar a súa fiabilidade.	A información simplemente transmítese desde as fontes, sen comprobar a súa fiabilidade.
	9		A estrutura da exposición é lóxica e está tratada con esmero; ademais, é orixinal, amena e doada de seguir.	A estrutura da exposición é lóxica e está tratada con esmero, pero non é orixinal nin amena.	A exposición é difícil de seguir por non ter unha estrutura lóxica, pero está tratada con esmero; ademais, é orixinal, amena e doada de seguir.	A exposición é difícil de seguir, por non ter unha estrutura lóxica e ser tediosa.
	10		Responde ás preguntas con acerto e precisión.	Responde ás preguntas, pero deu algúns datos irrelevantes.	Responde a algunha pregunta con erros ou vaguidades.	Non responde a ningunha pregunta, ou faino con continuos erros.

RECURSOS	11	Interactúa co auditorio mediante varias actividades ou experimentos que facilitan a comprensión do tema da exposición.	Realiza algunha actividade de apoio que facilita a comprensión do tema.	Realiza algunha actividade de apoio, pero non facilita a comprensión do tema por desviarse del.	Non realiza ningunha actividade de apoio que facilite a comprensión do tema da exposición.
	12	Emprega apoio audiovisual para lembrar datos ou dar exemplos importantes, de forma creativa.	Emprega apoio audiovisual que non achega información relevante, ou non o utiliza de forma creativa.	Emprega apoio audiovisual que se limita a ler ou proxectar, sen realizar unha exposición adecuada.	Apenas emprega apoio audiovisual, ou carece del.

B. RÚBRICA DE EXPOSICIÓN CON FERRAMENTAS DIXITAIS

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	A presentación é creativa, sorprendente, amena, única.	A presentación mostra certa orixinalidade e é amena.	A presentación está desenvolvida a partir dun equipo xa existente.	A presentación non é orixinal nin de autoría propia.
	2	Cobre o tema obxecto da presentación en profundidade.	Cobre o tema obxecto da presentación de forma adecuada.	Apenas inclúe a información esencial do tema.	A información sobre o tema é escasa.
	3	O coñecemento do tema é excelente.	O coñecemento do tema parece ser bo.	Mostra certos erros na asimilación do contido.	Mostra erros ou carencias na asimilación do contido.
	4	Empréganse de forma profusa imaxes e/ou vídeos que complementan e axudan á comprensión do tema.	Empréganse algunhas imaxes e/ou vídeos que complementan e axudan á comprensión do tema.	Apenas se empregan imaxes e/ou vídeos, ou non achegan nin axudan á comprensión do tema.	Empréganse imaxes e/ou vídeos na presentación que acaparan a exposición do tema.
	5	As diapositivas gardan unidade temática e coidouse a súa claridade; respectan, ademais, a estrutura gramatical.	As diapositivas gardan unidade temática e coidouse a súa claridade, pero non se respectou a estrutura gramatical.	As diapositivas gardan unidade temática, pero non se coidou a súa claridade nin se respectou a estrutura gramatical.	As diapositivas non gardan unidade temática e non se coidou a súa claridade: é unha unión de distintas presentacións.
	6	Non hai erros ortográficos nin gramaticais.	A presentación ten 1 ou 2 erros ortográficos ou gramaticais.	A presentación ten entre 3 e 5 erros ortográficos ou gramaticais.	A presentación ten 6 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
	7	A portada engancha e introduce o tema da presentación e os autores, e é seguida por un índice.	A portada é seguida por un índice da presentación.	A portada introduce o tema obxecto da presentación e os autores, pero carece de índice.	A portada non introduce o tema obxecto da presentación ou os autores, e carece de índice.
	8	A presentación do contido está ben estruturada: unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros.	A presentación está bastante organizada: unha idea ou transparencia parece fóra de lugar, pero as transicións e os títulos empregados son claros.	A presentación é un pouco difícil de seguir: algunhas ideas ou transparencias parecen fóra de lugar, ou empregáronse mal as transicións e os títulos.	As ideas parecen estar ordenadas ao azar, con ideas e transparencias totalmente fóra de lugar.

ORGANIZACIÓN	9	A carga de traballo está dividida equitativamente e compartida por todos os membros do grupo.	A carga de traballo está dividida equitativamente, pero non é compartida por todos os membros do grupo.	Unha persoa do grupo non realizou a súa parte do traballo.	Varias persoas do grupo non realizaron a súa parte do traballo.
	10	O peche é orixinal, e inclúe unha diapositiva de conclusión, e unha de agradecemento e invitación a realizar preguntas.	O peche inclúe unha diapositiva de conclusión e unha de agradecemento e invitación a realizar preguntas.	O peche inclúe unha diapositiva de agradecemento e invitación a realizar preguntas.	O peche non inclúe unha diapositiva de invitación a realizar preguntas.

C. RÚBRICA DE TRABALLOS ESCRITOS

OBXECTIVO	PUNTOS	EXCELENTE; 4	ALTO; 3	BAIXO; 2	ESCASO; 1
CONTIDO	1	O tema obxecto do traballo trátase de forma creativa, sorprendente, amena, única.	O tema trátase con certa orixinalidade e de forma amena.	O tema desenvólvese (ou parece) a partir dun traballo xa existente.	O traballo non é/parece orixinal nin de autoría propia.
	2	Cobre o tema obxecto do traballo con profundidade.	Cobre o tema obxecto do traballo de forma adecuada.	Apenas inclúe a información esencial do tema.	A información sobre o tema é escasa.
	3	O texto mostra que o coñecemento do tema é excelente.	O texto mostra que o coñecemento do tema parece ser bo.	O texto mostra certos erros na asimilación do contido.	O texto mostra erros ou carencias na asimilación do contido.
	4	Empréganse de forma profusa imaxes e/ou infografía que complementan e axudan á comprensión do tema.	Empréganse varias imaxes e/ou infografía que complementan e axudan á comprensión do tema.	Apenas se empregan imaxes e/ou infografía, ou non achegan nin axudan á comprensión do tema obxecto do traballo.	Non se empregan imaxes nin infografía no traballo.
	5	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, respectando a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática e coidouse a súa claridade, pero non se respectou a estrutura gramatical.	O texto garda unidade temática, pero non se coidou a súa claridade nin se respectou a estrutura gramatical.	O texto non garda unidade temática e non se coidou a súa claridade; é unha unión de distintos textos.
	6	Non hai erros ortográficos nin gramaticais en todo o traballo.	O traballo ten entre 1 e 5 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten entre 6 e 10 erros ortográficos ou gramaticais.	O traballo ten 6 ou máis erros ortográficos ou gramaticais.
	7	A portada engancha e introduce o tema obxecto do traballo e os autores, e é seguida por un índice.	A portada é seguida por un índice do traballo.	A portada é orixinal e introduce o tema obxecto do traballo e os autores, pero carece de índice.	A portada non é orixinal ou non introduce o tema obxecto do traballo ou os autores, e carece de índice.

ORGANIZACIÓN	8	O contido do traballo está ben estruturado: unha idea segue a outra nunha secuencia lóxica, con transicións e uso de títulos claros, mantendo o formato. É doado de ler.	O traballo está bastante organizado; aínda que algunha idea parece fóra de lugar, as transicións entre o resto son lóxicas e a orde empregada é clara. Ademais, mantense o formato, facilitando a súa lectura.	O traballo é un pouco difícil de seguir: algunhas ideas parecen fóra de lugar, ou empregáronse mal as transicións entre elas, a orde e/ou o formato.	As ideas dentro do traballo parecen estar ordenadas ao azar, con algunhas totalmente fóra de lugar. Ademais, non se mantén o formato, custa lelo.
	9	O final do traballo é orixinal, e inclúe unha reflexión profunda e conclusións.	O final do traballo inclúe unha reflexión e conclusións.	O final do traballo inclúe conclusións, pero sen apenas reflexión, e/ou parecen copiadas.	O final do traballo non inclúe reflexión nin conclusións, ou aparecen pero están copiadas doutra fonte.
	10	A extensión do traballo cínquese ao solicitado polo profesor ou a profesora, sen que sobre nin falte nada.	A extensión é lixeiramente superior ou inferior á solicitada, sendo todo relevante.	A extensión cínquese ao solicitado, pero a custa de eliminar partes importantes ou engadir contido sen lóxica.	A extensión é notablemente superior ou inferior á solicitada.

D . RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DUN EXAME

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
PRECISIÓN NAS RESPONSTAS	Todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Case todas as respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	Poucas respostas desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.	A maioría das respostas non desenvolven o tema con claridade, precisión e concisión.
PRESENTACIÓN	Todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Case todas as respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	Poucas respostas están presentadas con limpeza e pulcritude.	A maioría das respostas non están presentadas con limpeza e pulcritude.
NÚMERO DE PREGUNTAS RESPONDIDAS	Todas as preguntas están respondidas.	Respondeu polo menos o 90% das preguntas.	Respondeu polo menos o 80% das preguntas.	Respondeu polo menos o 70% das preguntas.	Respondeu menos do 70% das preguntas.
GRAMÁTICA E ORTOGRAFÍA	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Hai dous erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto ten algunha dificultade para entenderse.	Hai tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto enténdese con dificultade.	Hai máis de tres erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación, e o texto non se entende.

E) 3º ESO

**PROFESORES RESPONSABLES: Esther Quinteiro.
Eliseo Martínez**

1. OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA 3º ESO.

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e condiferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais e valorar as producións orais cunha fonética galega correcta.
4. Participar activamente en situacións propias do ámbito académico, manifestando a súa opinión e mostrando respecto cara á dos demais.
5. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.
6. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados, sobre temas da vida cotiá ou académica.
7. Realizar exposicións orais planificadas con axuda das TIC.
8. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
9. Ler en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego e rexeitando calquera tipo de prexuízo.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter e manexar información e para producir creacións propias.
11. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
12. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
13. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.
14. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
15. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención a posibles interferencias.
16. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
17. Identificar os conectores e outros mecanismos que lles dan cohesión aos textos.
18. Recoñecer a estrutura dun texto e elaborar textos propios de acordo con eses parámetros.
19. Coñecer e aplicar as regras ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
20. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
21. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
22. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer as principais iniciativas normalizadoras da lingua e identificar os prexuízos.
23. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
24. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
25. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
26. Identificar as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
27. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

28. Elaborar traballos, coa axuda das TIC, relacionados coas distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
29. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados en clase.

2. SECUENCIACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños
4. Estratexias metodolóxicas

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Clasificar textos segundo a canle de transmisión, o tema e a intención comunicativa.
- Ampliar o vocabulario relacionado coas redes sociais.
- Aplicar correctamente as regras de acentuación.
- Identificar as distintas unidades lingüísticas e as disciplinas que as estudan.
- Coñecer a formación da lingua galega e a súa evolución.
- Coñecer as principais características e mostras da literatura popular.
- Crear adiviñas seguindo uns pasos dados

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución: **Excelente** (Conségueo brillantemente) **Alto**(Conségueo) **Baixo** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Os textos: definición e clases. - Vocabulario relacionado coas redes sociais. - Regras de acentuación. - Unidades lingüísticas. - O galego, lingua románica. - Voces patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Elementos de substrato e de superestrato. - Nacemento do galego-portugués. - A literatura popular, características e xéneros. - A literatura popular en prosa: conto e lenda. - A literatura popular en verso. 	1. Comprender que é un texto e coñecer as distintas clases de textos segundo a canle de transmisión, o tema e a intención comunicativa.	1.1. Le con atención un texto e clasifícao segundo diferentes criterios.	CCL, CD, CAA
	2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas redes sociais.	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das redes sociais.	CCL, CD
	3. Aplicar correctamente as regras de acentuación.	3.1. Aplica correctamente as regras de acentuación.	CCL
	4. Coñecer as distintas unidades lingüísticas e as disciplinas que se ocupan do seu estudo.	4.1. Discrimina as diferentes unidades lingüísticas.	CCL
	5. Coñecer a formación da lingua galega e a súa evolución desde as súas orixes ata o nacemento do galego-portugués.	5.1. Diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos e coñece as principais transformacións que sufriron as palabras patrimoniais.	CCL, CCEC
		5.2. Recoñece os elementos de substrato e superestrato na lingua galega.	
6. Coñecer as principais características e mostras da literatura	6.1. Coñece as principais características da literatura popular e	CCL, CD,	

	popular, tanto en prosa como en verso.	identifica os xéneros da prosa máis abondosos: o conto e a lenda.	CCEC, CAA
		6.2. Recoñece os diferentes tipos de cantigas.	

3 .COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Opina acerca de temas propostos e conta unha lenda.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos. Coñece e aplica de maneira efectiva as regras de acentuación.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra nos debates que teñen lugar na clase.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Sabe como se formou o galego e entende algunhas características actuais a partir da súa evolución histórica.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet, testemuño oral de persoas maiores...).
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás.	Escribe un correo electrónico.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para profundar e ampliar coñecementos.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto da lectura e

	coñecemento.	mais o do apartado «Comentario de texto».
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai un comentario de texto e crea adiviñas de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás manifestacións do noso patrimonio histórico e cultural.	Valora a literatura popular e as tradicións como expresión da nosa cultura.

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Repaso dos contidos xa estudados no curso anterior.
- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Audición individual e logo colectiva, en gran grupo, da lectura inicial e da lenda do «Comentario de texto» co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar o dicionario; facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, etc.
- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou grupal.

UNIDADE 2

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños
4. Estratexias metodolóxicas

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer os elementos propios dos textos narrativos.
- Ampliar o vocabulario relacionado plantas aromáticas e medicinais.
- Aplicar correctamente as regras de uso do acento diacrítico.
- Descompoñer as palabras nos seus constituíntes e clasificalas segundo a súa estrutura.
- Identificar algunhas características lingüísticas do galego medieval.
- Coñecer as principais características e xéneros da literatura galego-portuguesa medieval.
- Identificar as características temáticas e formais das cantigas de amigo.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución: **Excelente** (Conségueo brillantemente) **Alto**(Conségueo) **Baixo** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Os textos: a narración. - Vocabulario relacionado coas plantas aromáticas e medicinais. - O acento diacrítico. - Estrutura e clasificación das palabras. - O galego na Idade Media: status e características. - A literatura galego-portuguesa medieval: clasificación. - A lírica medieval: cancioneros; autores e intérpretes. - A cantiga de amigo: variedades temáticas e recursos formais. 	1. Ler con fluidez e comprensión un texto narrativo e comentalo tendo en conta os elementos que o caracterizan.	1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e analiza os elementos que lle son propios: narrador, personaxes, espazo, tempo e argumento.	CCL, CD, CAA
	2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas planta aromáticas e medicinais.	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das plantas aromáticas e medicinais.	CCL, CMCT
	3. Aplicar correctamente o acento diacrítico.	3.1. Aplica correctamente as regras de uso do acento diacrítico.	CCL
	4. Descompoñer as palabras nos seus constituíntes e clasificalas segundo a súa estrutura.	4.1. Analiza o lexema e os morfemas dunha palabra dada. 4.2. Recoñece palabras formadas por prefixación e sufixación e explica o significado dalgúns sufixos derivativos e alterativos. 4.3. Diferencia palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas, e forma familias léxicas.	CCL

	5. Coñecer a situación do galego na Idade Media e recoñecer algunhas características lingüísticas do galego medieval.	5.1. Coñece a situación do galego na Idade Media e identifica algunhas das súas características lingüísticas.	CCL, CCEC
	6. Coñecer as principais características e xéneros da literatura galego-portuguesa medieval.	6.1. Coñece a orixe e o corpus da literatura galego-portuguesa medieval. 6.2. Identifica, comenta e crea cantigas de amigo.	CCL, CAA, CCEC

3. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Opina acerca de temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos. Coñece e aplica de maneira efectiva as regras de uso do acento diacrítico.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Entende algunhas características do galego actual a partir da súa evolución histórica.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, Internet, apéndice do libro...).
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Escrebe unha cantiga de amigo.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	Entende e valora o uso das plantas medicinais como remedios naturais para curar certas doenzas.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para profundar e ampliar coñecementos.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a	Elabora unha ficha e fai unha presentación a partir da

	través de medios tecnolóxicos.	información obtida na Rede.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto da lectura.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: fichas, táboas, resumos, esquemas...
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai comentarios de texto e crea unha cantiga de amigo de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita e respecta as opinións dos demais.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Desenvolve o pensamento crítico necesario para interpretar con criterio as supersticións e as mensaxes que achegan certos xéneros televisivos.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás manifestacións do noso patrimonio histórico e cultural.	Coñece e valora o status da lingua e da literatura galega ao longo da súa evolución histórica. Valora as tradicións como expresión da nosa cultura.
	Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.	Expresa sentimentos amorosos mediante a composición dunha cantiga de amigo.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida o contido e a forma dos seus traballos e presentacións.

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Audición individual e logo colectiva, en gran grupo, da lectura inicial co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: analizar e redactar textos de acordo cunhas pautas; asegurar a correcta asimilación de conceptos a través dunha práctica continuada; utilizar a Rede para obter información; manexar o dicionario como fonte de consulta habitual, etc.
- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Traballo dos distintos contidos da unidade a partir de textos próximos á realidade e aos intereses do alumnado.
- Fomento do interese pola poesía e por coñecer as primeiras manifestacións líricas da nosa literatura.

UNIDADE 3

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
3. Competencias: descritores e desempeños
4. Estratexias metodolóxicas

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar as características do texto descritivo e aplicalas en creacións propias.
- Coñecer o vocabulario básico do campo semántico das emocións e os sentimentos.
- Aplicar correctamente os signos de puntuación.
- Identificar substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasificalos.
- Recoñecer o xénero dos substantivos e saber formar o feminino e o plural.
- Comprender o concepto de *plurilingüismo*.
- Coñecer os temas e recursos formais da cantiga de amor.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución: **Excelente** (Conségueo brillantemente) **Alto**(Conségueo) **Baixo** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura: texto narrativo. - Os textos: a descrición. - Vocabulario relacionado coas emocións e os sentimentos. - Os signos de puntuación: o punto, a coma e o punto e coma. - O substantivo: caracterización semántica, morfolóxica e sintáctica. - O plurilingüismo. - A cantiga de amor: temas, tipos e recursos formais. 	1. Ler con fluidez e comprensión un texto narrativo e comentalo seguindo uns criterios.	1.1. Le con fluidez e atención un texto e identifica as características do texto descritivo. 1.2. Escribe textos descritivos.	CCL, CD, CAA, CCEC
	2. Ampliar o vocabulario básico relacionado coas emocións e os sentimentos.	2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das emocións e os sentimentos.	CCL, CSC
	3. Aplicar correctamente os signos de puntuación.	3.1. Aplica correctamente o punto, a coma e o punto e coma.	CCL
	4. Categorizar e clasificar substantivos e formar o feminino e o plural.	4.1. Identifica substantivos morfolóxica e sintácticamente e clasifícaos segundo o seu significado e segundo a súa estrutura. 4.2. Identifica substantivos femininos e masculinos e forma o feminino de substantivos dados. 4.3. Forma o plural de substantivos simples e compostos.	CCL

	5. Comprender o concepto de <i>plurilingüismo</i> .	5.1. Comprende o concepto de <i>plurilingüismo</i> e enténdeo como unha realidade de carácter universal.	CCL, CSC
	6. Coñecer as principais características das cantigas de amor.	6.1. Identifica e comenta cantigas de amor.	CCL, CCEC, CAA

3.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida do contorno.
	Manter unha actitude favorable cara á lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	Expón un tema diante dos compañeiros e compañeiras. Expresa a súa opinión achegando argumentos rigorosos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos. Coñece e aplica de maneira efectiva as regras de uso dos signos de puntuación.
	Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.	Entende e utiliza a lingua como signo de identidade cultural e como código de comunicación, con independencia do seu prestixio social.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (diccionario, gramática, Internet, apéndice do libro...).
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Fai a descrición dun personaxe, dunha escena e dun obxecto.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	É consciente das vantaxes da ciencia e da tecnoloxía e tamén das repercusións negativas que pode ter un mal uso das mesmas.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información en dicionarios e en diferentes páxinas de Internet para

		profundar e ampliar coñecementos.
	Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.	Escribe un texto argumentativo a partir da información obtida na Rede.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta xeroglíficos e árbores de análise sintáctica. Compara un texto literario coa súa versión cinematográfica.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza o CD-Audio para escoitar o texto da lectura.
<i>Aprender a aprender.</i>	Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...	Aplica técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe: táboas, resumos, esquemas...
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Fai comentarios de texto e escribe descrições de acordo cunhas pautas dadas.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito, referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.	Entende, valora e respecta os dereitos de cada lingua nos Estados plurilingües.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Acepta e respecta os sentimentos dos demais e mostra empatía. Recoñece e respecta o valor de cada lingua con independencia do seu prestixio social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Favorece a creatividade a través da elaboración dos distintos textos.
<i>Conciencia e expresións</i>	Mostrar respecto cara ás	Respecta e valora a lingua

<i>culturais.</i>	manifestacións do noso patrimonio histórico e cultural.	como signo de identidade cultural. Valora as tradicións como expresión da nosa cultura.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida o contido e a forma dos seus traballos e presentacións.

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Audición individual e logo colectiva, en gran grupo, da lectura inicial co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Creación dun ambiente distendido na aula para que os alumnos e alumnas se sintan a gusto para expresarse oralmente.
- Fincapé nos hábitos de traballo: analizar e redactar textos de acordo cunhas pautas; asegurar a correcta asimilación de conceptos a través dunha práctica continuada; utilizar a Rede para obter información; manexar o dicionario como fonte de consulta habitual; dispoñer dunha gramática como material de apoio, agora que empezan coa análise sintáctica das unidades da lingua; realizar esquemas, táboas, resumos... para asimilar e lembrar mellor os conceptos, etc.
- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Práctica habitual na clase da análise guiada de textos literarios.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Traballo dos distintos contidos da unidade a partir de textos próximos á realidade e aos intereses do alumnado.
- Fomento do interese pola poesía e por coñecer as primeiras manifestacións líricas da nosa literatura.

UNIDADE 4

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños
4. Estratexias metodolóxicas

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar as características do texto dialogado.
- Coñecer o vocabulario básico do campo semántico do universo.
- Aplicar correctamente os signos de puntuación.
- Identificar e clasificar adxectivos, aplicar as regras de concordancia e coñecer os distintos graos nos que pode aparecer.
- Entender e diferenciar os conceptos de *bilingüismo*, *diglosia* e *normalización lingüística*.
- Coñecer as principais características das cantigas de escarnio e das composicións que se agrupan na categoría de xéneros menores.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución: **Excelente** (Conségueo brillantemente) **Alto**(Conségueo) **Baixo** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa.	CCL

3. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida da contorna.
	Gozar coa lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.	Responde preguntas de comprensión sobre textos que se escoitaron. Participa activamente en debates sobre temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Exprésase oralmente con coherencia e corrección e selecciona o vocabulario preciso. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra consensuadas na clase á hora de participar en actividades de carácter oral.
	Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.	Fai unha lectura escénica dun guión televisivo.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (Internet, apéndice do libro...).
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información no apéndice do libro e en diferentes páxinas de Internet para resolver actividades e ampliar coñecementos.
	Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.	Utiliza unha cámara de vídeo ou un móbil para gravar e difundir as súas creacións audiovisuais.
	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de	Interpreta as mensaxes dos medios de comunicación

	comunicación.	tendo en conta a súa finalidade (informativa, persuasiva, de entretemento...).
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural.	Valora o texto literario como expresión da nosa cultura, así como os autores que contribúen ao seu desenvolvemento.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Entende a literatura como unha forma de expresión artística.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Crea as súas producións audiovisuais elaborando guións previos, seguindo uns pasos dados e engadindo os elementos necesarios para enriquecelas.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Participa activamente nos debates propostos na clase e nos traballos de grupo.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con atención as opinións dos demais e respéctaa, estea de acordo ou non.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.	Contribúe cos seus coñecementos e habilidades á creación de curtametraxes e películas, e achega medios materiais ao seu alcance (para o decorado, para o vestiario, para a rodaxe...).
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Desenvolve a súa creatividade a través das producións audiovisuais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Escoita opinións alleas, desenvolve un pensamento propio e expresa a súa propia opinión. Ten en conta e aplica as pautas e os modelos que achega o libro para aplicalos nos seus traballos.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	Practica a análise sintáctica e fai resumos e fichas para unha mellor comprensión e asimilación dos contidos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Reflexiona e organiza o seu traballo de acordo cunhas pautas e uns modelos dados.

	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.
--	---	---

4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Desenvolvemento de actividades que permitan anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Audición do texto «Culturgal» e do guión que se propón como lectura da unidade, co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Fincapé nos hábitos de traballo: facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; repasar e reforzar contidos que ofrezan certa dificultade; planificar as tarefas e preparar os recursos necesarios para abordalas; empregar o dicionario e outros manuais de consulta; utilizar o ordenador como instrumento habitual de traballo, etc.
- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar producións dixitais, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Fomento da aprendizaxe activa, do traballo colaborativo e da expresión oral.
- Análise da porcentaxe de uso dos medios de comunicación audiovisuais en galego por parte do alumnado, tendo en conta parámetros como: a) frecuencia, b) tipo de programa máis visto ou escoitado (informativo, musical, concursos, películas...), c) franxa horaria, d) preferencia polos medios en galego ou noutras linguas, etc.
- Visualización da película *O lapis do carpinteiro* e cinefórum posterior. Sería interesante comparar a obra literaria coa adaptación cinematográfica e debater sobre se as películas deben reproducir fielmente o texto orixinal ou versionar libremente as obras.

UNIDADE 11 + 15

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliábeis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños
4. Estratexias metodolóxicas

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos literarios e non literarios.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado cos recursos enerxéticos.
- Identificar e utilizar correctamente os adverbios e as preposicións.
- Recoñecer as principais relacións semánticas entre palabras.
- Valorar a importancia de Internet na normalización do galego.
- Coñecer e valorar algúns autores e autoras da poesía e do teatro actuais, así como analizar textos representativos.
- Crear unha presentación multimedia seguindo unhas pautas dadas.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES – COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución: **Excelente** (Conségueo brillantemente) **Alto**(Conségueo) **Baixo** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral.	CCL, CD
B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL
B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	CCL, CAA
B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos e esquemas).	CCL, CAA
		LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	
		LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	
B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos,	B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da	LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema	CCL

redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	información obtida de distintas fontes.	dado.	
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais, para referirse aos recursos enerxéticos.	CCL, CAA
B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión.	B3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión doutras.	CCL, CAA
B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa.	B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.	LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	CCL
B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.6. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	CCL, CAA
B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.	B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polos verbos.	LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos.	CCL
B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o	B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no	LGB4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	CCL, CSC

xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	desenvolvemento da lingua galega.		
B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as TIC para obter información complementaria.	B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta de fontes de información en formato dixital.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en soporte dixital.	CCL, CD
B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 até a actualidade.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 até a actualidade.	LGLB5.1.1. Identifica os autores e autoras máis representativos da poesía e do teatro actuais.	CCL, CCEC
B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos poéticos e teatrais representativos da literatura galega actual.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos poéticos e teatrais da literatura galega actual.	LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e dramatizadamente textos poéticos e teatrais da literatura galega actual.	CCL
		LGLB5.3.2. Participa con proveito da audición dun texto poético representativo da literatura galega actual.	
B5.2. Lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 até a actualidade.	B5.2. Ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos de poetas actuais.	CCL, CCEC, CAA
		LGLB5.2.3. Comenta, de forma guiada, un texto poético ou teatral actual, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co período literario correspondente.	
B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	LGLB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación das creacións propias.	CCL, CD

<p>B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.</p>	<p>B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.</p>	<p>LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria.</p>	<p>CCL, CCEC</p>
---	--	---	----------------------

3. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	Valora a importancia da ciencia no desenvolvemento da vida cotiá en particular e da cultura científica en xeral.
	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso redor.	Mostra interese por coñecer o desenvolvemento científico e tecnolóxico de Galicia. Utiliza os seus coñecementos científicos e tecnolóxicos nos traballos escolares e para entender a contorna.
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida da contorna.
	Gozar coa lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.	Responde preguntas de comprensión sobre textos que se escoitaron. Participa activamente en debates sobre temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Exprésase oralmente con coherencia e corrección e selecciona o vocabulario preciso. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra consensuadas na clase á hora de participar en actividades de carácter oral.
	Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.	Sabe buscar e seleccionar información en diferentes fontes (Internet, apéndice do libro...).
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.	Crea presentacións multimedia, de utilidade para os traballos escolares.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	Busca información no apéndice do libro e en diferentes páxinas de Internet

		para resolver actividades e ampliar coñecementos.
	Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.	Publica presentacións en Internet.
	Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.	Interpreta artigos de opinión con sentido crítico.
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utiliza os recursos de audio que achega o libro para mellorar a comprensión e a expresión oral. Utiliza aplicacións informáticas para a creación dunha presentación dixital.
	Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.	É consciente da importancia de facer un uso responsábel da Rede para protexer a privacidade.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural.	Valora o texto literario como expresión da nosa cultura, así como os autores que contribúen ao seu desenvolvemento.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Entende a literatura como unha forma de expresión artística.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Crea as súas presentacións multimedia, seguindo uns pasos dados e engadindo os elementos necesarios para enriquecelas.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Participa activamente nos debates propostos na clase e nos traballos de grupo.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con atención as opinións dos demais e respéctaa.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Desenvolve a súa creatividade na redacción de textos ou nos traballos en grupo aplicando as súas destrezas e coñecementos aprendidos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	Escoita opinións alleas, desenvolve un pensamento propio e expresa a súa propia opinión. Ten en conta e aplica as pautas e os modelos que

		achega o libro para aplicalos nos seus traballos.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	Fai esquemas e resumos para unha mellor comprensión e asimilación dos contidos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Reflexiona e organiza o seu traballo de acordo cunhas pautas e uns modelos dados.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Desenvolvemento de actividades que permitan anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen ao redor dos distintos contidos que imos traballar.
- Audición do texto «Tecnópole», da lectura da unidade e do poema «Camiñan descalzas polas rochas», co obxectivo de mellorar a comprensión oral de textos literarios e non literarios.
- Práctica habitual do debate para desenvolver a expresión oral, a capacidade de diálogo, o respecto polas opinións alleas, a convivencia harmónica, etc.
- Fincapé nos hábitos de traballo: facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; repasar e reforzar contidos que ofrezan certa dificultade; planificar as tarefas e preparar os recursos necesarios para tratalas; empregar o dicionario e outros manuais de consulta; utilizar o ordenador como instrumento habitual de traballo, etc.
- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novos.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar presentacións dixitais, ampliar ou complementar a información do libro, etc.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Práctica do recitado de poemas e da lectura dramatizada de textos teatrais.

UNIDADE 12 + 15

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliados/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños
4. Estratexias metodolóxicas

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler, comprender e analizar textos literarios e non literarios.
- Recoñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado cos deportes acuáticos.
- Utilizar correctamente os grupos consonánticos *-cc-* e *-ct-*.
- Recoñecer as causas dos cambios semánticos, distinguir os diferentes tipos de cambios semánticos e identificar os principais recursos empregados.
- Analizar o uso do galego en diferentes ámbitos sociais.
- Coñecer e valorar os novos modos de creación literaria que achega a tecnoloxía dixital.
- Crear unha telenovela seguindo unhas pautas dadas.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais.

Grao de consecución: **Excelente**(Conségueo brillantemente),**Alto**(Conségueo),**Baixo**(Conségueo con dificultade),**Escaso**(Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.	B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias de calquera texto oral.	CCL, CD
B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL
B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	CCL, CAA
B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido, como o resumo.	CCL, CAA
		LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.	
		LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.	

		LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.	
B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.	LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado.	CCL
B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais.	LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso, de diferentes categorías gramaticais, referido aos deportes acuáticos.	CCL, CAA
B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión.	B3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión doutras.	CCL, CAA
B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	B3.6. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas da lingua galega.	CCL, CAA
B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa.	B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.	LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso e de normativa, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.	CCL

B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.	B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.	LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos.	CCL
B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos sociais e privados. Tendencias de evolución.	B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.	LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	CCL, CSC
		LGB4.2.3. Analiza gráficas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.	CCL, CSC, CD
B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.	B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.	LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.	CCL, CD
B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 até a actualidade.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 até a actualidade.	LGLB5.1.1. Identifica creadores e creadoras de literatura en soporte dixital.	CCL, CD, CCEC
B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos poéticos e teatrais representativos da literatura galega actual.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos poéticos e teatrais da literatura galega actual.	LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e dramatizadamente textos de distintos xéneros da literatura galega actual en soporte dixital.	CCL, CD
		LGLB5.3.2. Participa con proveito da audición e visualización de creacións literarias en soporte dixital.	
B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.	LGLB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos.	CCL, CD, CAA

3. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos orais e escritos.	Desenvolve a través dos distintos tipos de textos a capacidade de delimitar información recibida da contorna.
	Gozar coa lectura.	Le a lectura inicial e os distintos textos sobre os que se traballan os conceptos da unidade.
	Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.	Responde preguntas de comprensión sobre textos que se escoitaron. Participa activamente en debates sobre temas propostos.
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	Exprésase oralmente con coherencia e corrección e selecciona o vocabulario preciso. Coida a corrección ortográfica e gramatical nos seus escritos.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Crea unha fotonovela.
	Respectar as formas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	Aplica as regras de quenda de palabra consensuadas na clase á hora de participar en actividades de carácter oral.
	<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.
Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.		Interpreta artigos de opinión con sentido crítico.
Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.		Utiliza os recursos de audio que achega o libro para mellorar a comprensión e

		<p>a expresión oral.</p> <p>Mostra interese por coñecer distintos recursos dixitais para crear novas formas de expresión literaria.</p>
	Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.	É consciente da importancia de adoptar as precaucións necesarias para facer un uso responsábel das redes sociais.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural.	Valora o texto literario como expresión da nosa cultura, así como os autores que contribúen ao seu desenvolvemento.
	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Entende a literatura como unha forma de expresión artística.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Crea unha fotonovela combinando adecuadamente a linguaxe verbal e a visual.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Participa activamente nos debates propostos na clase e nos traballos de grupo.
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Escoita con atención as opinións dos demais e respéctaa.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Avanza na aprendizaxe con motivación e esforzo.
	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.	Desenvolve a súa creatividade na redacción de textos ou nos traballos en grupo aplicando as súas destrezas e coñecementos aprendidos.
<i>Aprender a aprender.</i>	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...	<p>Escoita opinións alleas, desenvolve un pensamento propio e expresa a súa propia opinión.</p> <p>Ten en conta e aplica as pautas e os modelos que</p>

		achega o libro para aplicalos nos seus traballos.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	Fai esquemas e resumos para unha mellor comprensión e asimilación dos contidos.
	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre seguir no proceso de aprendizaxe.	Reflexiona e organiza o seu traballo de acordo cunhas pautas e uns modelos dados.
	Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	Comproba o que aprendeu mediante a realización de actividades que traballan, de maneira xeral, os contidos vistos na unidade.

4.-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Desenvolvemento de actividades que permitan anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen ao redor dos distintos contidos que imos traballar.
- Audición dos textos e das lecturas das unidades, co obxectivo de mellorar a comprensión oral.
- Práctica habitual do debate para desenvolver a expresión oral, a capacidade de diálogo, o respecto polas opinións alleas, a convivencia harmónica, etc.
- Fincapé nos hábitos de traballo: facer clasificacións, cadros, esquemas e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada; repasar e reforzar contidos que ofrezan certa dificultade; planificar as tarefas e preparar os recursos necesarios para tratalas; empregar o dicionario (www.digalego.gal) e outros manuais de consulta; utilizar o ordenador como instrumento habitual de traballo, etc.

- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, sobre todo os aloxados na Aula Virtual (Moodle), explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Fomento do uso das TIC para resolver actividades, ampliar ou complementar a información do libro, realizar creacións propias, practicar novas formas de expresión literaria, etc. Ademais dos programas propios de tratamento de textos, empregaranse outros de proxección de diapositivas.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual e en conxunto.
- Fomento da aprendizaxe significativa e activa, e do traballo colaborativo.
- Práctica da audición e da lectura de textos literarios e non literarios.
- Repaso do trimestre e do curso, con especial atención aos contidos máis complexos ou que presenten unha maior dificultade para o alumnado.

3. RECURSOS DIDÁCTICOS

O curso desenvolverase preferentemente co aproveitamento de material didáctico disposto en formato electrónico e con orixe en diversas fontes (materiais da rede, libros de texto, manuais, gramáticas, libros de exercicios, etc), incluída a produción propia de materiais creados polo profesor deste curso. Todo isto atoparase a disposición do alumnado na Aula Virtual do IES República Oriental do Uruguai (ROU). Para o acceso a esta Aula Virtual, os alumnos e alumnas disporán dun código de acceso; este servirá tamén para establecer o contacto co mestre fóra do horario lectivo. Posto que se trata dun novo xeito de traballo, aínda que non debería resultar descoñecido para eles posto que xa traballaron deste modo no curso pasado, tratarase de facer unha distribución ao longo do curso por temas semellante á de calquera libro de texto e consonte á programación curricular vixente.

Malia o anterior, tamén se terá en conta o libro *Lingua Galega e Literatura. 4º ESO*, de Baía Edicións (Consortio Editorial Galego), dos autores Xoán López Viñas, Cilha Lourenço Mória e María Vilariño Suárez, do que se aproveitarán parte dos seus contidos, nomeadamente os referidos aos apartados de exercicios con léxico.

Xa que logo, está previsto o emprego dos seguintes recursos:

- Libro de texto impreso e electrónico.
- caderno do alumno.
- Aula Virtual do IES República Oriental do Uruguai.

- Esquemas, gráficos e outros recursos creados polo profesor e aloxados na Aula Virtual.
- Libros de lectura.
- Dicionarios.
- Enciclopedias e dicionarios enciclopédicos.
- Correo electrónico.
- Páxinas web con recursos para traballar en galego.

4.FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

En cada avaliación realizaranse proba/s escrita/s da materia, que suporán o **50%** da nota da avaliación; a expresión oral valorarase a través dunha proba (oral) que suporá o **25%**; a produción de textos de diferentes xéneros, así como actividades diversas, exposicións ou traballos de investigación contarán un **15%**; o **10%** restante obterase dunha proba da lectura obrigatoria por trimestre (comprensión e expresión). **Mínimos esixibles:** estas porcentaxes aplicaranse sempre que o alumnado obteña en cada un dos apartados un mínimo de cualificación de **3 sobre 10**.

Os instrumentos utilizados serán, pois, probas escritas, orais e rúbricas/escalas de valoración.

Á cualificación resultante sumaráselle a puntuación obtida pola lectura voluntaria de libros. Por cada unha das probas de lectura voluntaria, acordada previamente co profesor, outorgarase ata 0,50 puntos que se sumarán á nota final de avaliación, ata un máximo dun punto, sempre que a avaliación estea aprobada.

Os **erros** de ortografía, morfoloxía e lingua, xunto cos tiles diacríticos descontarán 0,1. Os erros de acentuación descontarán 0,05. Unha presentación incorrecta tamén rebaixará ata 0,5 puntos. Estes criterios só poderán reducir un máximo de 2 puntos sobre a nota final da proba.

Non se realizarán exames de recuperación específicos da materia ao longo do curso. O bloque do funcionamento da lingua (gramática, ortografía e léxico) poderá ser novamente avaliado ao longo do curso nas correspondentes probas escritas, xa que se adopta o criterio de **avaliación continua**, que implica unha continua revisión destes aspectos nesas probas. Non obstante, ao establecérense contidos literarios diferentes en cada avaliación, estes serán recuperados nunha breve proba no seguinte trimestre ao que se obtivo a avaliación suspensa.

Ao tratarse dunha avaliación continua, a cualificación final do curso corresponderase coa media dos resultados obtidos en cada avaliación, cunha distribución crecente do seu peso ao longo de todo o curso: **25%** na Primeira Avaliación, **35%** na Segunda Avaliación e **40%** na

Terceira Avaliación. Para conseguir unha avaliación positiva final, deberase obter unha media de 5 entre todos os trimestres.

Na **convocatoria extraordinaria**, a nota extraeráse dunha proba realizada nesas datas.

5. LIBROS DE LECTURA

Lecturas obrigatorias

En cada trimestre, será obrigatoria a lectura dun libro, sen prexuízo de que a alumna ou o alumno poidan tamén ler outros libros con carácter voluntario que se terán en conta na cualificación final de cada avaliación. Os libros de lectura en 4º de ESO serán os seguintes, se ben poden ser modificados segundo avance o curso académico:

1º trimestre: *A praia dos afogados*, Domingo Villar.

2º trimestre: *O diario vermello de Carlota*, Gemma Lienas.

3º trimestre: *Camiños na auga*, Manuel Nuñez Singala.

Lecturas voluntarias

Os libros de lectura voluntaria serán seleccionados desta listaxe, aínda que tamén poden achegarse máis obras ao longo do curso ou mesmo ter en conta outras lecturas a petición do alumnado, sempre que sexa baixo a supervisión do/a profesor/a:

Aneiros, Rosa: *Ás de bolboreta*.

Bradbury, Ray: *Fahrenheit 451*.

Carballude, Pepe: *Inestigación 091*

Castelao, Alfonso Daniel: *Os dous de sempre*.

Collazo, Iria: *Coma unha áncora*.

Costas, Leticia: *Recinto gris*.

Dieste, Rafael: *A fiestra valdeira*.

Fernández Paz, Agustín: *Aire negro*.

Gripe, María: *Os escaravellos voan á tardiña*.

Huxley, Aldous: *Un feliz mundo novo*.

Jaureguizar, Santiago: *A cova das vacas mortas*.

Kroop, Paul: *Moonkid e Liberty*.

Maceiras, Andrea: *Europa Express*.

Martín, A. e Ribera, J: *O diario vermello de Flanagan*.

Neira Vilas, Xosé: *Memorias dun neno labrego*.

Núñez Singala, Manuel: *O achado do castro*.

Orwell, George: *A revolta dos animais*.

Vázquez Freire, Miguel: *Anxos en tempos de chuvia*.

Villar, Domingo: *Ollos de auga*.

6.MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Realizadas as probas iniciais, determinarase na xunta de avaliación que alumnado está máis necesitado de atención individualizada en pequeno grupo nas materias instrumentais, entre elas Lingua Galega. Procurarase unha atención o máis personalizada posíbel, tendo en conta a situación sanitaria existente e as dificultades que se presentan para esta atención persoal. Traballarase máis lento e atendendo aos contidos básicos, reforzando todas aquelas destrezas elementais que non estean aínda ben desenvolvidas por parte do alumnado, incluso con dinámicas ou documentos adaptados a cada situación e a cada alumno/na.

7. TEMPORALIZACIÓN

A cada trimestre correspóndenlle cinco unidades, que completan así as quince que se reflicten nesta programación didáctica e que alternarán temas propios de lingua con outros específicos de literatura. En resume:

1ª avaliación: Unidades 1, 2, 3, 4 e 13

2ª avaliación: Unidades 5, 6, 7, 8 e 14

3ª avaliación: Unidades 9, 10, 11, 12 e 15

8. ALUMNADO COA MATERIA DO CURSO ANTERIOR PENDENTE

Aplícase o previsto no punto 8 de 2º de ESO.

ANEXOS

A. RÚBRICA DE EXPOSICIÓN ORAL

	4	3	2	1
CONTIDOS	Cando fala sobre un tema presenta os contidos máis relevantes, pon exemplos, realiza conexións coa súa vida ou con outras materias.	Presenta contidos relacionados co tema do que fala, proporciona algún elemento persoal pero faltan exemplos e transferencias.	Os contidos presentados son pobres –non coñece ben o tema tratado–, pero son coherentes e están relacionados con tema.	Os contidos sobre o tema do que fala son moi escasos, hai moitas referencias a outros temas que non son relevantes ou non se entende.
VOCABULARIO	Emprega un vocabulario rico para o tema que está tratando e utiliza as palabras con corrección normativa. A linguaxe é precisa.	Emprega un vocabulario adecuado para o tema, pero comete algún erro nalgunha das palabras.	Utiliza vocabulario básico de maneira correcta.	O vocabulario é pobre e non describe con exactitude o tema tratado.
EXPRESIÓN	Utiliza construcións gramaticais complexas aplicando as coñecidas nos temas traballados. Mantén a concordancia gramatical sempre.	Utiliza construcións gramaticais simples, pero de modo correcto. Comete algún erro, pero non é significativo. Nalgún caso tamén pode cometer erros de concordancia.	Utiliza algunha construción gramatical correcta, pero son pobres e comete moitos erros.	As construcións gramaticais son erróneas.
ESTRUTURA	A estrutura da conversa, exposición, explicación... está organizada segundo unha orde lóxica. Argumenta o porqué desa ordenación e atense a ela. Non se deixa nada polo camiño. Presenta a estrutura de partida. Móstrase flexible segundo necesidades nesta estrutura.	A estrutura é clara, aínda que ás veces non dá razón do porqué desa estrutura. Ten dificultades para variala ou deixa algún punto sen tratar.	Hai unha estrutura detrás do discurso, pero non sempre se segue (polo menos un 50%).	Non hai estrutura, non segue unha orde lóxica ou non se segue en ningún caso.

	4	3	2	1
EMPREGO DA LINGUA	Emprega os coñecementos sobre aspectos de vocabulario, gramática, etc., de maneira natural no seu discurso. Fala todo o tempo en lingua galega con corrección. Exprésase con fluidez.	Emprega algúns coñecementos sobre temas traballados en relación coa lingua en vocabulario ou gramática, pero non todos (polo menos un 80%). Non sempre se introducen de maneira natural. Fala sempre en galego. Exprésase con fluidez.	Empréganse algúns elementos traballados, pero supón un esforzo claro por facelo ou faise por indicacións externas. Nalgún caso utiliza palabras en castelán. Estes aspectos dificultan a fluidez da exposición.	Non fala todo o tempo en galego. Emprega poucos ou ningún elemento dos traballados sobre a lingua neste curso e en cursos anteriores.
EXPRESIÓN NON VERBAL	A postura corporal e os xestos que emprega adecúanse ao contexto e á mensaxe transmitida. De feito, potencia esta mensaxe con eles.	A postura corporal é a axeitada ao contorno e ao contido, aínda que non emprega con soltura xestos para apoiar o discurso.	Coida a expresión non verbal, pero non a mantén todo o tempo.	Non se preocupa da postura ou de acompañar co seu corpo a mensaxe transmitida.
ACHEGAS PROPIAS	Engade de maneira suficiente razoamentos propios, ideas ou conexións con contextos próximos á súa vida. As contribucións son pertinentes e equilibradas.	Hai contribucións persoais, pero non equilibradas. Hai demasiadas ou demasiado poucas.	Intenta engadir contribucións persoais, pero non son adecuadas ao tema ou non están ben estruturadas.	Non hai contribucións persoais.

B. RÚBRICA DE APRENDIZAXES DE LITERATURA

	4	3	2	1
Movimentos literarios, autores/-as e obras	<p>Coñece con profundidade os distintos autores e autoras, e describe as súas características literarias. Coñece os datos relevantes da biografía e enlázaos coa obra. Identifica e describe as principais obras do autor ou autora.</p> <p>Enmarca o autor/-a no movemento ou tempo correcto e analiza o impacto sobre a obra.</p> <p>Argumenta todas as contribucións de maneira razoada.</p>	<p>Coñece os datos biográficos, as obras e as características da obra.</p> <p>Enlaza estas características con aspectos da biografía, pero falta argumentación sobre as afirmacións que fai ou non é completa.</p>	<p>Coñece a maior parte dos datos sobre a biografía, obra e movemento ao que pertencen os autores e autoras, pero non relaciona estes aspectos ou faino esporadicamente.</p>	<p>Confunde ou descoñece a información necesaria sobre o autor ou autora, obras ou movemento ao que pertence.</p>
Contexto sociocultural	<p>Describe con profundidade o contexto sociocultural do autor/-a ou do movemento literario. Correlaciona, con argumentación propia, o impacto do contexto coas características do movemento ou do autor/-a.</p>	<p>Describe o contexto sociocultural do autor/-a ou do movemento. Relaciona ambos contidos, pero a argumentación é escasa ou non reflicte reflexión propia.</p>	<p>Describe e coñece o contexto sociocultural, pero non o relaciona co autor/-a ou co movemento.</p>	<p>Non coñece ou confunde aspectos relevantes do contexto sociocultural.</p>
Obras literarias	<p>Coñece as obras literarias traballadas, investiga sobre elas ou proporciona algunha máis.</p> <p>Describe as características de maneira razoada e enmarca a obra no contexto persoal e sociocultural do</p>	<p>Coñece as obras traballadas. Describe as súas características e enmarca a obra no contexto do autor/-a.</p>	<p>Coñece a maior parte (en torno ao 80%) das obras traballadas. Describe algunha característica, pero non relaciona sempre a obra co autor/-a.</p>	<p>Confunde ou descoñece as obras traballadas ou non coñece as súas características.</p>

	autor/-a.			
Reflexión persoal	Na descrición das obras literarias realiza interpretacións persoais derivadas dunha reflexión crítica sobre as mesmas. Relaciona a literatura coa súa vida e atopa exemplos ou conexións vitais para argumentar as súas ideas.	Realiza contribucións persoais ao falar das obras literarias, pero a argumentación é escasa. Establece conexións coa vida persoal ou co contexto social no que se desenvolve.	Realiza algunha contribución persoal, pero pouco argumentada ou razoada. Non transfire a obra literaria ao contexto real.	Ten dificultades para elaborar interpretacións ou contribucións persoais sobre as obras literarias.

C. RÚBRICA DE TRABALLOS ESCRITOS

	4	3	2	1
PRESENTACIÓN	Enténdese a letra con claridade. Presenta o escrito limpo, ordenado, sen borróns e con marxes adecuadas.	Enténdese a letra con claridade. Hai algunha corrección esporádica pero o aspecto xeral do texto é de limpeza. Garda as marxes xeralmente aínda que algunha vez non é estrito/-a.	Enténdese a letra na maior parte dos casos ou hai máis dun borrón.	Non se entende ou o aspecto que presenta é de sucidade.
ELABORACIÓN	O texto está elaborado seguindo unha planificación previa, ben estruturado e cunha conclusión clara.	Vese que houbo unha planificación previa, pero non se seguiu adecuadamente ou tiña algunha deficiencia. Está bastante ben estruturado e cunha conclusión clara.	Non houbo preparación previa ou foi pouco adecuada para enmarcar o texto. Hai algún fallo na estrutura ou a conclusión non é totalmente clara.	Non houbo planificación, hai fallos importantes de estrutura e a conclusión non é clara.
CLARIDADE E COHERENCIA	O texto está redactado de forma clara e coherente. Enténdese todo, enlaza as ideas, segue unha estrutura coherente.	Expresa as ideas de forma clara pero o transmitido é menos preciso.	Hai ideas claras pero moitas están confusas e non se entende ben o que quere dicir.	Non hai claridade na redacción e expón ideas inconexas.
VOCABULARIO	O vocabulario empregado é preciso e amosa riqueza semántica no tema tratado. Está enriquecido polo alumno/-a, que integrou todos os termos traballados.	O vocabulario que utiliza é correcto e preciso, pero podería ser un pouco máis rico. Usa algunhas palabras dun modo un pouco forzado.	O vocabulario non é moi rico ou é pouco específico para o tema.	O vocabulario empregado ten erros ou é demasiado pobre para o tema tratado, non recolle nin a metade dos termos traballados.
ORTOGRAFÍA	Coñece e aplica as normas ortográficas, polo que non hai erros ortográficos.	Hai como máximo 2 erros ortográficos.	Hai entre 2 e 6 erros ortográficos.	Hai máis de 6 erros ortográficos.
GRAMÁTICA	As oracións están ben construídas,	Case todas as oracións están	Moitas oracións teñen erros	A maior parte das oracións están mal construídas, non

	4	3	2	1
	teñen sentido completo e concordancia gramatical (xénero, número, tempo...). Emprega conectores e enlaces de maneira correcta.	ben construídas, con sentido completo e concordancia gramatical. Emprega conectores e enlaces habitualmente con corrección.	na súa construción por non ter sentido completo ou falta de concordancia gramatical. Emprega poucos conectores ou enlaces.	teñen sentido nin concordancia gramatical. Non emprega conectores ou fai de maneira errónea.
PUNTUACIÓN	Utiliza con corrección os signos de puntuación na redacción do texto. Ten integradas na súa maneira de puntuar as regras traballadas na materia sobre puntuación. Divide o texto en parágrafos de maneira habitual e con criterio.	Comete algún erro de puntuación, pero identifícao e sabe corríxilo cando se lle di.	Comete erros de puntuación por descoñecemento ou falta de comprensión das normas de puntuación.	Non coñece as normas de puntuación, esquece os signos ou utilízalos de maneira equivocada constantemente.
ARGUMENTACIÓN	O texto está ordenado de maneira correcta, respectando a orde lóxica dos argumentos, e progresa adecuadamente na temática.	O texto ten algún fallo na estrutura, dando algún salto na temática, pero respecta a orde lóxica na argumentación.	Ten fallos importantes na estrutura, polo que non hai unha correcta progresión na temática. Ademais, algúns enunciados están presentados de modo inconexo, ou non hai suficiente información relevante.	Non segue unha organización da temática adecuada e lóxica, ou a información proporcionada non é relevante para o tema tratado.
FLUIDEZ NAS ORACIÓNS	A construción das oracións dá lugar a que a composición teña cadencia e ritmo, soando harmoniosas cando se len en voz alta.	A construción das oracións é correcta morfolóxica e gramaticalmente, pero non imprime un ritmo harmonioso en todo o texto (unicamente nalgunhas partes).	A construción é correcta, pero non reflicte ritmo nin cadencia harmoniosa na maior parte do texto.	Non se percibe fluidez na produción de oracións; son curtas, inconexas ou de dificultosa comprensión.
ACHEGAS PERSOAIS	O texto reflicte as ideas, sentimentos ou expresións do autor/-a. Deixa ver	Aparecen algunhas ideas propias, pero non están	A produción propia no texto é escasa. Móstrase	Non hai achegas persoais no estilo nin no contido do

	4	3	2	1
	<p>algo da súa propia personalidade.</p> <p>Isto conségueo con argumentacións propias, achegas de exemplos ou ideas propias sobre o tema.</p> <p>Amosa un estilo propio de escritura.</p>	<p>suficientemente argumentadas ou xustificadas.</p> <p>Proporciona exemplos persoais ou próximos.</p> <p>Amosa un estilo propio de escritura.</p>	<p>maioritariamente imparcial.</p> <p>Non hai exemplos, anécdotas ou transferencia á experiencia propia.</p> <p>Non ten un estilo moi definido.</p>	<p>texto.</p>

BACHARELATO

G)-OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA PARA O BACHARELATO

A LOMCE, segundo o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, establece os seguintes obxectivos xerais para a Lingua Galega e Literatura:

«A materia Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe».

»A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o alumnado percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións e cando analiza as súas propias producións e as dos que o rodean para comprendelas, avalialas e, no seu caso, corrixilas. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfrónaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

»Os elementos de Lingua Galega e Literatura supoñen unha progresión respecto aos saberes e habilidades adquiridos desde o inicio da vida escolar. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua artículase ao redor dun eixe que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares. A materia céntrase na aprendizaxe das destrezas discursivas que poden darse en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos acerca do funcionamento da linguaxe en todas as súas dimensións, tanto relativos aos elementos formais como ás normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

»A lectura de textos diversos e a súa comprensión contribúe á adquisición de destrezas comunicativas».

A lei establece a adquisición das destrezas básicas que debe manexar o alumnado para ampliar a súa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita e a súa educación literaria a través de catro bloques de contidos cuxos obxectivos específicos resumimos aquí:

Comunicación oral: escoitar e falar

- Adquirir habilidades para comunicar con precisión as ideas propias.
- Realizar discursos elaborados e adecuados á situación comunicativa.
- Escoitar os demais e interpretar correctamente as súas ideas.

Comunicación escrita: ler e escribir

- Aplicar estratexias de lectura para achegarse a textos con diferentes graos de complexidade.
- Entender textos de diversos xéneros.
- Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos.
- Desenvolver o pensamento crítico e creativo.
- Seguir un método estruturado no traballo escrito: planificación, creación de borradores, revisión e redacción.
- Escribir textos coherentes e adecuados.

Coñecemento da lingua

- Utilizar os mecanismos lingüísticos como base para un uso correcto da lingua.
- Interiorizar e usar adecuadamente as regras ortográficas e gramaticais.
- Reflexionar sobre as palabras, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración.
- Recoñecer as relacións gramaticais entre as palabras e os grupos de palabras dentro do texto.
- Afondar nas relacións textuais que fundamentan o discurso.
- Reflexionar sobre as variedades lingüísticas da lingua.

Educación literaria

- Formarse como lectores cultos e competentes.
- Ler, comprender e interpretar os textos literarios máis representativos da literatura galega.
- Achegarse aos xéneros literarios.
- Establecer as relacións entre o contexto sociocultural e a obra literaria.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras da literatura galega e universal.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras en xeral e de obras da literatura galega e universal de todos os tempos.

Por último, a lei conclúe que a materia Lingua galega e Literatura, «persegue o obxectivo último de crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de formar as súas propias opinións a través da lectura crítica das obras literarias máis importantes de todos os tempos».

H)1º BACHARELATO

PROFESORES RESPONSABLES: Eliseo Martínez.

1. SECUENCIACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer como nos comunicamos os seres humanos e distinguir os diferentes tipos de comunicación.
2. Coñecer as características da linguaxe humana.
3. Identificar os elementos que interveñen no acto comunicativo, así como os elementos perturbadores
4. Interpretar a intención comunicativa dunha mensaxe e a función da linguaxe predominante.
5. Comprender que a linguaxe é un sistema de comunicación por medio de signos lingüísticos.
6. Analizar a importancia dunha lectura rigorosa, en varias fases, para comprender un texto eficazmente.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución:

Excelente (Conségueo brillantemente) **Moi avanzado**(Conségueo sen dificultade)**Satisfactorio**(Conségueo) **Básico** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A comunicación - A comunicación humana - A linguaxe humana - Linguaxe e pensamento - Características da linguaxe - Elementos do acto comunicativo - A reversibilidade do acto comunicativo - O contorno da comunicación - A situación - O contexto - Ruído e redundancia - O ruído - A redundancia - A intención comunicativa - As funcións da 	1. Coñecer como nos comunicamos os seres humanos e distinguir os diferentes tipos de comunicación.	1.1. Distingue entre comunicación animada e inanimada , e coñece os sistemas non verbais, así como os distintos tipos de comunicación humana.	CCL, CMCT, CAA
	2. Coñecer as características da linguaxe humana.	2.1. Comprende e explica as características da linguaxe.	CCL, CMCT, CAA, CCEC
	3. Identificar os elementos que interveñen no acto comunicativo, así como os elementos perturbadores.	3.1. Identifica os elementos do acto comunicativo (emisor, receptor, referente, mensaxe, código e canle).	CCL, CAA, CSC
		3.2. Localiza os ruídos que perturban os actos comunicativos e as redundancias que intentan contrarrestalos.	CCL, CAA
	4. Interpretar a intención comunicativa dunha mensaxe e a función da linguaxe	4.1. Identifica a intención comunicativa das mensaxes distinguindo as funcións da linguaxe (representativa,	CCL, CAA, CSIEE

linguaxe - Os signos - O signo lingüístico - A lectura e a comprensión do texto	predominante	expresiva, apelativa, fática, poética e metalingüística).	
	5. Comprender que a linguaxe é un sistema de comunicación por medio de signos lingüísticos	5.1. Comprende o concepto de signo lingüístico.	CCL, CAA, CSIEE
	6. Comprender a diferenza entre linguaxe, lingua e fala.	6.1. Discrimina linguaxe e lingua, e lingua e fala.	CCL, CAA
	7. Analizar a importancia dunha lectura rigorosa, en varias fases, para comprender un texto eficazmente.	7.1. Analiza a importancia dunha lectura rigorosa, en varias fases, para comprender un texto eficazmente.	CCL, CAA

3. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura. - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario axeitado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Define e utiliza correctamente termos da unidade como signo, significante, significado; ruído, redundancia; función lingüística; comunicación, etc. - Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre a lingua e a comunicación, na resolución das actividades que se piden na unidade. - Realiza textos con corrección para elaborar as actividades do repaso final da unidade. - Realiza a lectura comprensiva do apartado de Comentario de textos.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso. - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> - Le e produce textos sobre a interacción co contorno, que se inclúen nas actividades da unidade, de forma respectuosa.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os mapas conceptuais da unidade para estruturar os contidos. - Autoavalíase realizando as actividades de repaso da unidade.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia da comunicación humana e os seus tipos na sociedade actual.

	ideas.	
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa á hora de realizar as actividades en diferente formato que se propoñen na unidade.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidad como unha fonte de riqueza persoal e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece as diferentes formas de comunicación humana e as aplicacións que teñen.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> - Aplícase na elaboración de información persoal referida aos contidos do tema utilizando as tecnoloxías audiovisuais e dixitais.

UNIDADE 2

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Distinguir entre comunicación oral e comunicación escrita.
- Comprender de forma esquemática a variedade de textos e a súa clasificación segundo criterios de intención comunicativa, estrutura formal ou lugar de interacción social.
- Comprender as características e a estrutura dun texto dialogado.
- Comprender as características e os tipos de textos descritivos.
- Comprender as características, a estrutura, os elementos básicos e os tipos de texto narrativo.
- Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto expositivo.
- Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto argumentativo.
- Comprender e analizar as propiedades textuais dun texto.
- Utilizar con corrección ortográfica, gramatical, léxica e textual a lingua.
- Analizar un texto a partir dunhas pautas dadas.
- Comprender e valorar os textos orais e escritos de diversa tipoloxía de diferentes ámbitos
- Analizar as vantaxes, características e proceso de elaboración dun resumo para comprender un texto de forma eficaz

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución:

Excelente (Conségueo brillantemente) **Moi avanzado**(Conségueo sen dificultade)**Satisfactorio**(Conségueo) **Básico** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación oral e escrita. - Tipoloxía textual. <ul style="list-style-type: none"> - O texto dialogado. - O texto descritivo. - O texto narrativo. - O texto expositivo. - O texto argumentativo. - As propiedades textuais. - Comentario de textos: <ul style="list-style-type: none"> - O resumo. 	1. Distinguir entre comunicación oral e comunicación escrita.	1.1. Distingue entre comunicación oral e comunicación escrita.	CCL, CAA
	2. Comprender de forma esquemática a variedade de textos e a súa clasificación segundo criterios de intención comunicativa, estrutura formal ou lugar de interacción social.	2.1. Comprende de forma esquemática a variedade de textos e a súa clasificación segundo criterios de intención comunicativa, estrutura formal ou lugar de interacción social.	CCL, CAA
	3. Comprender as características e a estrutura dun texto dialogado.	3.1. Comprende as características e a estrutura dun texto dialogado	CCL
	4. Comprender as características e os tipos de textos descritivos.	4.1. Comprende as características e os tipos de textos descritivos.	CCL,
	5. Comprender as características, a estrutura, os elementos básicos e os tipos de texto narrativo.	5.1. Pode elaborar unha descrición seguindo uns pasos.	CCL,
		5.2. Comprende as características, a estrutura, os elementos básicos e os tipos de texto narrativo.	CCL,

	6. Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto expositivo.	6.1. Comprendeas características, a estrutura e os tipos de texto expositivo.	CCL
		6.2. Pode elaborar unha exposición seguindo uns pasos	CCL, CSIEE
	7. Comprender as características, a estrutura e os tipos de texto argumentativo.	7.1. Comprende as características, a estrutura e os tipos de texto argumentativo.	CCL, CAA
	8. Comprender as propiedades textuais e analizar un texto a partir delas.	8.1. Comprende as propiedades textuais e analiza un texto a partir delas.	CCL, CAA
	9. Analizar un texto a partir dunhas pautas dadas.	9.1. Comprende un texto, resume o seu contido, determina o tema e establece a súa estrutura.	CCL, CSIEE, CAA
	10. Comprender e valorar os textos orais e escritos de diversa tipoloxía de diferentes ámbitos.	10.1. Comprende e valora textos orais e escritos de diversa tipoloxía de diferentes ámbitos.	CCL, CMCT, CSIEE
	11. Analizar as vantaxes, características e proceso de elaboración dun resumo para comprender un texto de forma eficaz.	11.1. Analiza as vantaxes, características e proceso de elaboración dun resumo para comprender un texto de forma eficaz	CCL, CAA

3. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Define utiliza correctamente termos relacionados coa unidade. - Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre os compoñentes da vida, mediante a resolución das distintas actividades que se piden na unidade. - Realiza unha lectura comprensiva dos textos da unidade e extrae as ideas principais.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Le e comprende os textos para o Comentario e de Repaso da unidade e reflexiona sobre eles.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza o esquema final da unidade para estruturar os contidos.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia da ciencia e da cultura na sociedade actual.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa á hora de debater nun discurso oral argumentativo.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece, a partir dos distintos tipos de textos, a importancia da comunicación escrita na nosa cultura.

	persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	
<i>Competencia dixital</i>	- Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Emprega diversos recursos para ampliar a información.

UNIDADE 3

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar morfolóxica e sintacticamente os substantivos e clasificalos segundo o significado, orixe e composición.
- Coñecer e aplicar regras básicas de gramática: xénero e número.
- Identificar o adxectivo cualificativo e aplicar correctamente os procedementos de formación do comparativo e do superlativo.
- Valorar a relevancia e información que achega o título dun documento e a importancia de identificar claramente o tema.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución:

Excelente (Conségueo brillantemente) **Moi avanzado**(Conségueo sen dificultade)**Satisfactorio**(Conségueo) **Basico** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O substantivo. - O adxectivo. - Comentario de textos: - O título. 	1. Identificar morfolóxica e sintacticamente os substantivos e clasificalos segundo o significado, orixe e composición.	1.1. Identifica o substantivo e defíneo desde o punto de vista morfolóxico e sintáctico.	CCL, CAA, CD
		1.2. Comprende a clasificación dos substantivos desde un criterio semántico.	CCL, CAA, CD
	2. Identificar substantivos masculinos e femininos, e formar o feminino de substantivos.	2.1. Coñece as características do morfema de xénero.	CCL, CAA, CD
		2.2. Identifica casos especiais de formación do xénero.	CCL, CAA, CD
	3. Formar o plural de substantivos e de palabras compostas.	3.1. Coñece as características do morfema de número no nome.	CCL, CAA, CD
		3.1. Diferencia os procedementos de formación do plural e os casos especiais.	CCL, CAA, CD

	4. Identificar morfolóxica e sintacticamente os adxectivos e clasificalos en explicativos ou especificativos.	4.1. Coñece o adxectivo e clasifícao desde diversos puntos de vista.	CCL, CAA,
	5. Aplicar correctamente os procedementos de formación do comparativo.	5.1. Coñece a formación do grao comparativo nos adxectivos, as formas e as normas que rexen o seu uso.	CCL, CAA, CD
			CCL, CAA, CD
	6. Aplicar os procedementos de formación do superlativo.	6.1. Coñece a formación do grao superlativo nos adxectivos.	CCL, CAA, CD
		6.2. Distingue entre superlativos absolutos, relativos e sintéticos.	CCL, CAA, CD
	7. Utilizar con corrección ortográfica, gramatical, léxica e textual a lingua.	7.1. Exprésase oralmente e por escrito da forma correcta e adecuada.	CCL, CAA, CSIEE
	8. Valorar a relevancia e información que achega o título dun documento e a importancia de identificar claramente o tema.	8.1. Valora a relevancia que ten o título nun texto, identifica o tema e distingue entre tema e argumento.	CCL, CAA

3. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Responde ás preguntas da lectura inicial adiantándose aos contidos do tema.
	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos, mediante a resolución das distintas actividades que se piden na unidade.
	- Manter unha actitude favorable cara á lectura.	- Realiza unha lectura comprensiva dos textos da unidade e extrae as ideas principais.
	- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais	- Realiza as actividades do libro con corrección ortográfica e gramatical.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.	- Le e comprende os textos para o Comentario e de Repaso da unidade e reflexiona sobre eles.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	- Desenvolve estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	- Realiza actividades de identificación, relación, clasificación...
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.	- Valora a importancia da ciencia e da cultura na sociedade actual.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema..	- Extrae conclusións tras a lectura do texto inicial e realiza con éxito as actividades do Repaso da unidade.

<p><i>Conciencia e expresións culturais</i></p>	<p>- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.</p>	<p>- Le con atención os textos de autor propostos na unidade.</p>
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<p>- Empregar distintas fontes para a busca de información.</p>	<p>- Emprega diversos recursos para ampliar a información.</p>

UNIDADE 4

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar morfolóxica e sintacticamente o pronome persoal.
- Identificar e usar correctamente as formas átonas e reflexivas do pronome persoal.
- Coñecer e aplicar correctamente as normas de colocación e de concorrencia do pronome átono, así como os valores significativos que poida adquirir.
- Comprender a importancia dun esquema para ter unha idea completa dos temas desenvolto nun textos.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución:

Excelente (Conségueo brillantemente) **Moi avanzado**(Conségueo sen dificultade)**Satisfactorio**(Conségueo) **Básico** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O pronome persoal. - Definición, morfoloxía e funcións. - Serie tónica. - Serie átona. - Comentario de textos: - O esquema. 	1. Identificar morfolóxica e sintacticamente o pronome persoal.	1.1. Identifica morfolóxica e sintacticamente o pronome persoal	CCL, CAA, CD
	2. Identificar e usar correctamente as formas átonas e reflexivas do pronome persoal.	2.1. Coñece e emprega axeitadamente as formas átonas de CD e CI.	CCL, CAA, CD
		2.2. Usa correctamente as formas do pronome se.	CCL, CAA, CD
		2.3. Identifica e usa correctamente o pronome de solidariedade e o dativo de interese	CCL, CAA,
	3. Coñecer e aplicar correctamente as normas de colocación e de concorrencia do pronome átono, así como os valores significativos que poida adquirir.	3.1. Coñece e aplica correctamente as normas de colocación e de concorrencia dos pronomes átonos.	CCL, CAA, CD
		3.1. Indica os diversos desprazamentos de significación	CCL, CAA,

		dos pronomes átonos.	CD
	4. Utilizar con corrección ortográfica, gramatical, léxica e textual a lingua.	4.1. Exprésase oralmente e por escrito da forma correcta e adecuada.	CCL, CAA, CSIEE
	5. Comprender a importancia dun esquema para ter unha idea completa dos temas desenvolto nun textos.	5.1. Comprende a importancia dun esquema para ter unha idea completa dos temas desenvolto nun texto.	CCL, CAA

3. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Responde ás preguntas da lectura inicial adiantándose aos contidos do tema.
	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos, mediante a resolución das distintas actividades que se piden na unidade.
	- Manter unha actitude favorable cara á lectura.	- Realiza unha lectura comprensiva dos textos da unidade e extrae as ideas principais.
	- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Realiza as actividades do libro con corrección ortográfica e gramatical.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.	- Ler con atención o texto “Calendario abelleiro” do apartado Comentario de textos e comprender o valor do traballo apícola.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	- Realiza as actividades finais de repaso da unidade e estuda o esquema final.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.	- Valora a importancia da ciencia e da cultura na sociedade actual.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.	- Opinar con rigor e respecto sobre os textos da unidade.

<i>Conciencia e expresións culturais</i>	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	- Le con atención os textos de autor propostos na unidade.
<i>Competencia dixital</i>	- Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Emprega diversos recursos para ampliar a información.

UNIDADE 5

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o artigo e as súas contraccións, e recoñecer os seus usos específicos.
- Identificar os demostrativos e coñecer os seus usos e valores especiais.
- Identificar os posesivos e coñecer as súas formas e usos especiais.
- Identificar as formas dos pronomes relativos e coñecer as normas que regulan o seu emprego.
- Coñecer as formas e usos dos pronomes interrogativos e exclamativos.
- Coñecer as formas e clasificación dos pronomes numerais e dos pronomes indefinidos.
- Recoñecer as distintas tipoloxías e estruturas que poden ter os textos.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución:

Excelente (Conségueo brillantemente) **Moi avanzado**(Conségueo sen dificultade)**Satisfactorio**(Conségueo) **Básico** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>- Determinantes e outros pronomes.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O artigo. - Os demostrativos. - Os posesivos. - Os relativos. - Os interrogativos e os exclamativos. - Os numerais. - Os indefinidos. <p>- Comentario de textos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A estrutura. 	1. Utilizar correctamente o artigo e as súas contraccións, e recoñecer os seus usos específicos.	1.1. Identifica o artigo e as súas contraccións, e usa correctamente as segundas forma.	CCL, CAA, CD
		1.2. Recoñece algúns usos específicos do artigo determinado.	CCL, CAA, CD
	2. Identificar os demostrativos e coñecer os seus usos e valores especiais.	2.1. Identifica e usa correctamente as formas dos demostrativos, así como as súas contraccións.	CCL, CAA, CD
		2.2. Coñece e usa correctamente os valores especiais dos demostrativos.	CCL, CAA, CD
	3. Identificar os posesivos e coñecer as súas formas e usos especiais.	3.1. Identifica e usa correctamente os posesivos, así como as súas formas de propiedade exclusiva.	CCL, CAA, CD
		3.2. Usa correctamente o posesivo distributivo.	CCL, CAA, CD
		3.3. Coñece os valores	CCL,

		especiais do posesivo.	CAA, CD
	4. Identificar as formas dos pronomes relativos e coñecer as normas que regulan o seu emprego.	4.1. Identifica os relativos e coñece os seus usos.	CCL, CAA, CSIEE
	5. Coñecer as formas e usos dos pronomes interrogativos e exclamativos.	5.1. Identifica e usa correctamente os pronomes interrogativos e exclamativos.	CCL, CAA
	6. Coñecer as formas e clasificación dos pronomes numerais e dos pronomes indefinidos	6.1. Coñece e usa correctamente as formas dos numerais.	CCL, CAA, CD
		6.2. Coñece e usa correctamente as formas dos indefinidos.	CCL, CAA, CSIEE
	7. Recoñecer as distintas tipoloxías e estruturas que poden ter os textos.	7.1. Recoñece as distintas tipoloxías e estruturas que poden ter os textos.	CCL, CAA, CSIEE

3. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Responde ás preguntas da lectura inicial adiantándose aos contidos do tema.
	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos, mediante a resolución das distintas actividades que se piden na unidade.
	- Manter unha actitude favorable cara á lectura.	- Realiza unha lectura comprensiva dos textos da unidade e extrae as ideas principais.
	- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Mantén unha actitude correcta tanto ao consultar dúbidas ou responder, como ante as preguntas e respostas dos demais.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.	- Ler con atención o texto sobre o carballo do apartado Comentario de textos e comprender o valor das especies arbóreas propias de Galicia.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	- Realiza as actividades finais de Repaso da unidade e estuda o esquema final.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.	- Valora a importancia da ciencia e da cultura na sociedade actual.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.	- Utiliza os recursos que se ofrecen na web para o alumnado co fin de ampliar os coñecementos.

<i>Conciencia e expresións culturais</i>	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.	- Le con atención os textos de autor propostos na unidade.
<i>Competencia dixital</i>	- Empregar distintas fontes para a busca de información.	- Emprega diversos recursos para ampliar a información.

UNIDADE 6

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a estrutura morfolóxica das formas verbais.
- Conxugar con corrección os verbos regulares con alternancia no radical.
- Conxugar correctamente verbos irregulares.
- Identificar os valores dos modos e tempos nas formas verbais.
- Identificar e utilizar con corrección as formas nominais do sistema verbal.
- Identificar as perífrases verbais e determinar o seu significado.
- Analizar a estrutura argumentativa dun texto nun comentario crítico

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución:

Excelente (Conségueo brillantemente) **Moi avanzado**(Conségueo sen dificultade)**Satisfactorio**(Conségueo) **Básico** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O verbo. - Definición, estrutura e clasificación. - As categorías verbais. - O sistema verbal do galego. - Algúns valores dos modos de dos tempos. - As formas nominais ou amodo-temporais. - As perífrases verbais. - Comentario de textos: - O comentario crítico: obxectivo e fases. 	1. Coñecer a estrutura morfolóxica das formas verbais.	1.1. Analiza a estrutura morfolóxica de formas verbais.	CCL, CAA, CD
	2. Conxugar con corrección os verbos regulares con alternancia no radical.	2.1. Conxuga con corrección os verbos regulares e con alternancia no radical.	CCL, CAA, CD
	3. Conxugar correctamente verbos irregulares.	3.1. Conxuga correctamente verbos irregulares.	CCL, CAA, CD
	4. Identificar os valores dos modos e tempos nas formas verbais.	4.1. Identifica os valores dos modos e tempos nas formas verbais.	CCL, CAA, CSIEE
	5. Identificar e utilizar con corrección as formas nominais do sistema verbal.	5.1. Identifica e utiliza con corrección as formas nominais do sistema verbal.	CCL, CAA
	6. Identificar as perífrases verbais e determinar o seu significado	6.1. Identifica as perífrases verbais e determina o seu significado	CCL, CSIEE
	7. Recoñecer as distintas tipoloxías e	7.1. Recoñece as distintas tipoloxías e estruturas	CCL,

	estruturas que poden ter os textos.	que poden ter os textos.	CAA, CSIEE
	8. Utilizar con corrección ortográfica, gramatical, léxica e textual a lingua.	8.1. Exprésase oralmente e por escrito de forma correcta e adecuada.	CCL, CAA, CSIEE
	9. Utilizar fontes de información impresas ou dixitais no proceso de aprendizaxe.	9.1. Emprega diferentes fontes de información para ampliar coñecementos, resolver dúbidas e avanzar na aprendizaxe autónoma.	CCL, CAA, CSIEE
	10. Analizar a estrutura argumentativa dun texto nun comentario crítico	10.1. Analiza a estrutura argumentativa dun texto nun comentario crítico.	CCL, CAA, CSIEE

3. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.	- Responde ás preguntas da lectura inicial adiantándose aos contidos do tema.
	- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	- Utiliza con corrección a linguaxe escrita e oral para expresar os coñecementos, mediante a resolución das distintas actividades que se piden na unidade.
	- Manter unha actitude favorable cara á lectura.	- Realiza unha lectura comprensiva dos textos da unidade e extrae as ideas principais.
	- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...	- Mantén unha actitude correcta tanto ao consultar dúbidas ou responder, como ante as preguntas e respostas dos demais.
	- Utiliza o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.	- Realiza as explicacións das actividades e elabora un texto de opinión e un resumo con corrección ortográfica e gramatical.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.	- Realiza actividades de identificación, clasificación, análise... relacionadas co verbo.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.	- Le e analiza o pensamento dos autores nos textos representados na unidade.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.	- Utiliza os recursos que se ofrecen na web para o alumnado co fin de ampliar os coñecementos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao	- Le con atención os textos de autor propostos na unidade.

	seu desenvolvimento.	
<i>Competencia digital</i>	- Empregar distintas fontes para a busca de informação.	- Emprega diversos recursos para ampliar a informação.

UNIDADE 7

1. Obxectivos didácticos
2. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
3. Competencias clave: descritores e desempeños

1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar e utilizar con corrección os adverbios e locucións adverbiais.
- Identificar e utilizar con corrección as preposicións.
- Identificar e utilizar con corrección as conxuncións.
- Identificar, localizar e tipificar un texto.

2. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Graos de consecución:

Excelente (Conségueo brillantemente) **Moi avanzado**(Conségueo sen dificultade)**Satisfactorio**(Conségueo) **Básico** (Conségueo con dificultade) **Escaso** (Non o consegue).

Os estándares mínimos de aprendizaxe aparecen subliñados en vermello.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O adverbio. - As preposicións - As conxuncións - Comentario de textos: <p>O comentario crítico: introdución.</p>	1. Identificar e utilizar con corrección os adverbios e locucións adverbiais.	1.1. Identifica e utiliza con corrección os adverbios e locucións adverbiais.	CCL, CAA, CD
	2. Identificar e utilizar con corrección as preposicións.	2.1. Identifica e utiliza con corrección as preposicións.	CCL, CAA, CD
